

**memoria
de
xestión**

2012

Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia



ÍNDICE

	Páxina
1. Xunta de Goberno: composición e sesións.....	2
2. Resumo de Xuntas Xerais.....	3
3. Relación de convenios subscritos	6
4. Secretaría colexial	7
5. Cultura	8
6. Formación.....	10
7. Concursos.....	14
8. Informe de xestión económica	16
▪ Contas anuais	
▪ Cotas colexiais	
▪ Retribucións de órganos de goberno.	
9. Relación de persoal da organización colexial	20
10. Información estatística sobre a actividade de visado.....	23
11. Queixas e reclamación de consumidores e usuarios.....	26
▪ Resumo actividades do Servizo de Deontoloxía.	
▪ Informe anual do Servizo de reclamacións de colexiados.	
12. Procedementos informativos e sancionadores	32
13. Delegacións colexiais	
▪ A Coruña.....	33
▪ Lugo.....	34
▪ Ourense.....	39
▪ Pontevedra.....	41
▪ Vigo	44
▪ Santiago.....	46
▪ Ferrol.....	49



XUNTA DE GOBERNO: COMPOSICIÓN E SESIÓNS

COMPOSICIÓN E SESIÓNS

Durante o exercicio de 2012, a composición da Xunta de Goberno foi como segue:

DECANO-PRESIDENTE / **JORGE DUARTE VÁZQUEZ**
TESOUREIRO-CONTADOR / **JOSÉ ANTONIO VÁZQUEZ MARTÍN**
VOCAL/SECRETARIO EN FUNCIÓNS / **JORGE ÁLVAREZ RÚA**
VOCAL / **PABLO NOYA SUÁREZ**
VOCAL / **MIGUEL CARBALLIDO PENSADO**
VOCAL A CORUÑA / **FERNANDO MARTÍNEZ LÓPEZ**
VOCAL VIGO / **CARLOS PAJARES CAMPOS**
PRESIDENTE A CORUÑA / **XOSÉ MANUEL LÓPEZ MIHURA**
PRESIDENTE LUGO / **RAÚL J. VEIGA LAMELAS**
PRESIDENTE OURENSE / **JOSÉ JAIME VÁZQUEZ IGLESIAS**
PRESIDENTE PONTEVEDRA / **MANUEL ABELLEIRA ARGIBAY**
PRESIDENTE VIGO / **MARTÍN DE COMINGES CARVALLO**
PRESIDENTA SANTIAGO / **ANA DOMÍNGUEZ LAÍÑO**
PRESIDENTE FERROL / **XOSÉ MANUEL LÓPEZ LEIRA**

A Xunta de Goberno celebrou 18 reunións no transcurso do ano 2012.

XUNTAS DIRECTIVAS

As Xuntas Directivas das Delegacións estiveron conformadas do seguinte xeito:

DELEGACIÓN DE A CORUÑA

Presidente: D. Xosé Manuel López Mihura.
Tesoureiro: Dona Marta Trasancos Yañez.
Secretario: D. Víctor Ramos Rodríguez.

DELEGACIÓN DE LUGO

Presidente: D. Raúl J. Veiga Lamelas.
Tesoureiro: Dona Celia Fajar Lomba.
Secretario: D. José Luis Sanmiguel Guerreiro.

DELEGACIÓN DE OURENSE

Presidente: D. José Jaime Vázquez Iglesias.
Tesoureiro: D. Ramón J. Valencia Hentschel.
Secretario: D. Juan Carlos Tourís Lores.

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

Presidente: D. Manuel Abelleira Argibay.
Tesoureiro: Dona María Luísa Pierres López.
Secretario: D. Wenceslao López Velasco.

DELEGACIÓN DE VIGO

Presidente: D. Martín de Cominges Carvalho.
Tesoureiro: Dona Fátima Iglesias González.
Secretario: D. Jordi Castro Andrade.

DELEGACIÓN DE SANTIAGO

Presidente: Dona Ana Domínguez Laíño.
Tesoureiro: D. Santiago Rodríguez Alcalá.
Secretario: Dona Mónica Carracedo Rodríguez.

DELEGACIÓN DE FERROL

Presidente: D. Xosé Manuel López Leira.
Tesoureiro: D. José Romero Alonso.
Secretario: D. Miguel Anxo Reimúndez González.

COMISIÓN EXECUTIVA

A Comisión Executiva da Xunta de Goberno estivo formada polo Decano, o Tesoureiro, o Secretario en funcións, o Presidente da Delegación de A Coruña e o vocal Pablo Noia Suárez na primeira reunión, sendo substituído polo vocal D. Carlos Pajares Campos na segunda reunión. Durante o ano 2012 celebrou 2 reunións.



XUNTAS XERAIS 2012

ORDINARIAS

Na Xunta Xeral ordinaria celebrada o día 31 de maio de 2012 na Sede colexial de Santiago de Compostela, tratouse a seguinte Orde do Día:

- PUNTO 1º.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA XERAL ORDINARIA DE 15 DE DECEMBRO DE 2011.
- PUNTO 2º.- INFORME DO ILMO. SR. DECANO.
- PUNTO 3º.- MEMORIA DE XESTIÓN DO ANO 2011.
- PUNTO 4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS CONTAS ANUAIS E DO PECHE DE CONTAS DO ANO 2011.
- PUNTO 5º.- INFORME DO SR. SECRETARIO EN FUNCIÓNS.
- PUNTO 6º.- DEBATE E APROBACIÓN NO SEU CASO DE MODIFICACIÓNS AO REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES COLEXIAL.
- PUNTO 7º.- ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

Na Xunta Xeral ordinaria que se celebrou o día 20 de decembro de 2012 no auditorio do Centro Galego de Arte Contemporánea, tratáronse os seguintes puntos:

- PUNTO 1º. LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDER, DA ACTA DA XUNTA XERAL ORDINARIA DE 31 DE MAIO DE 2012.
- PUNTO 2º. ALTAS, BAIXAS, MODIFICACIÓNS DE RESIDENCIA E HABILITACIÓNS DURANTE O ANO 2012.
- PUNTO 3º. INFORME DO ILMO. SR. DECANO-PRESIDENTE.
- PUNTO 4º. INFORME DO SR. SECRETARIO EN FUNCIÓNS.
- PUNTO 5º. LECTURA E APROBACIÓN, NO SEU CASO, DO PRESUPOSTO DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA PRESENTADO POLA XUNTA DE GOBERNO PARA O ANO 2013 E DAS COTAS COLEXIAIS PARA O MESMO EXERCICIO.
- PUNTO 6º. ROGOS, PREGUNTAS E PROPOSICIÓNS.

EXTRAORDINARIAS

O día 5 de novembro de 2012 tivo lugar na sede central una Xunta Xeral extraordinaria, na que se trataron os seguintes puntos:

- PUNTO 1º.- INFORME SOBRE O PROCESO DE REFUNDACIÓN COLEXIAL.
- PUNTO 2º.- APROBAR, SE PROCEDE, A PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO VIXENTE REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS E FORENSES DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA.
- PUNTO 3º.- APROBAR A VENDA, SE PROCEDE, DO SOLAR PROPIEDAD DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA, SITO NA AVDA. DE URUGUAI NÚM. 1 E RÚA ARCEBISPO MALVAR NÚM. 65 (ANTIGO SOLAR DO TEUCRO) DE PONTEVEDRA, AUTORIZANDO AO SR. DECANO-PRESIDENTE A REALIZAR OS TRÁMITES OPORTUNOS PARA A EXECUCIÓN DESE ACORDO.



CONVENIOS 2012

FUNDACIÓN CATEDRAL. Asinado o 10/01/2012. **Obxecto:** Para a organización do Programa Social do 4º Congreso de Patoloxía e Rehabilitación de Edificios -PATORREB 2012. **Vixencia:** Ate a finalización do Congreso. **Obrigas Colexio:** Utilización da imaxe da fundación na documentación do Congreso

ATINNE FORMACIÓN Y CONSULTORÍA S.L. Asinado o 20/01/2012. **Obxecto:** Colaboración para a realización de cursos de ferramentas informáticas para o deseño, arquitectura e enxeñaría. **Vixencia:** Un ano. **Obrigas Colexio:** Difusión e apoio nos cursos. **Obrigas da outra parte:** Condicións económicas especiais

INSTITUTO GALEGO DE VIVENDA E SOLO E CONCELLO DE SANTIAGO. Asinado o 20/02/2012. **Obxecto:** Organización do IV Congreso Internacional de Patoloxía e Rehabilitación de Edificios -PATORREB 2012. **Vixencia:** ata 30/05/2012. **Obrigas Colexio:** Organización de xestión do Congreso. **Obrigas da outra parte:** Concello de Santiago, cesión do Palacio de Congresos. IGVS 41.300 euros.

PROGRAMA DE INNOVACIÓN INTERNACIONAL, S.L. Asinado o 17/02/2012. **Obxecto:** Plan de Formación On-Line do Colexio de Arquitectos 2012. **Vixencia:** 2012. **Obrigas Colexio:** Anuncio da plataforma de formación e colaboración nas accións formativas. **Obrigas da outra parte:** Realización das accións formativas e pago por alumno.

CONCELLO DE SOBER. Asinado o 10/04/2012. **Obxecto:** Convocatoria dun concurso de ideas para a remodelación da praza pública do Campo da Feira en dito concello. **Vixencia:** Dous meses despois do fallo do concurso. **Obrigas Colexio:** Redacción documentación concurso, publicidade, secretaría do mesmo e formar parte do Xurado.

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA – INEGA. Asinado o 24/04/2012. **Obxecto:** Addenda ao Convenio de colaboración para a realización de accións formativas en Materia de Normativa Enerxética Edificatoria asinado o 28/11/2011. **Vixencia:** Ata o 03/10/2012. **Obrigas Colexio:** Realización de 4 cursos máis.

ATENEO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. Asinado o 08/06/2012. **Obxecto:** Convenio para colaborar en actividades culturais. **Vixencia:** Un ano prorrogable. **Obrigas Colexio:** Difusión actividades Ateneo e cesión de locais. **Obrigas da outra parte:** Acceso gratuíto para colexiados de actividades do Ateneo.

CONSEJO SUPERIOR DE LOS COLEGIOS DE ARQUITECTOS DE ESPAÑA -CSCAE- E NEMETSCHKE. Asinado o 19/06/2012. **Obxecto:** Formación e capacitación dos arquitectos en tecnoloxía e metodoloxía de proxecto en base a procesos BIM (building Information Modelling) e na mellora da competitividade dos seus estudos de arquitectura. **Vixencia:** Ata o 31/12/2012. **Obrigas Colexio:** Difusión e seguimento dos seminarios. **Obrigas da outra parte:** Condicións especiais en licenzas de software e cursos de formación.

CONCELLO A CORUÑA E FUNDACIÓN EMALCSA. Asinado o 11/07/2012. **Obxecto:** Edición dun libro sobre o cemiterio de San Amaro. **Vixencia:** Ata o 05/11/2012. **Obrigas do Colexio:** Aportar medios humanos e técnicos para a realización da publicación. **Obrigas da outra parte:** 17,.900 euros + IVE

FUNDACIÓN COMPOSTELA ARQUITECTURA. Asinado o 16/07/2012. **Obxecto:** Colaboración para as Xornadas COMPOSTELAs Summer Program 2012. **Vixencia:** Ao remate das Xornadas. **Obrigas Colexio:** Aportar medios físicos e técnicos para a difusión da Xornadas. **Obrigas da outra parte:** Organizar, coordinar e divulgar as Xornadas.

EUROPEAN INSTITUTE OF REAL ESTATE ANALYSIS. Asinado o 17/10/2012. **Obxecto:** Colaboración en cursos de "Especialista en Optimización de Proxectos Inmobiliarios" e "Optimización de Proxectos Arquitectónicos". **Vixencia:** Ata o 16/02/2013 **Obrigas Colexio:** Organización charla técnica "Optimización de Proxectos Arquitectónicos" e difusión



de actividades. **Obrigas da outra parte:** Impartición gratuíta da charla técnica "Optimización de Proxectos Arquitectónicos.

CONFEDERACIÓN GALEGA DE EMPRESARIOS DA MADEIRA – CONFEMADERA. Asinado o 30/10/2012. **Obxecto:** Actuacións e intercambio de experiencias de coñecemento relacionadas cos usos da madeira que servan para a súa posterior aplicación práctica e tulización polos arquitectos e a sociedade galega en xeral. **Obrigas Colexio:** Montaxe técnica e difusión entre os colexiados. **Obrigas da outra parte:** Organizar e coordinara programas de visitas a empresas e contidos para o Portal Corporativo.

CYPE INGENIEROS, S.A. Asinado o 19/11/2012. **Obxecto:** Intermediación do Colexio entre os colexiados e CYPE para a compra de licenzas de programas e a formación no manexo das mesmas. **Vixencia:** Ata o 31/12/2013. **Obrigas Colexio:** Publicitar as ofertas de CYPE Ingenieros, S.A. **Obrigas da outra parte:** Ofertas especiais para colexiados en produtos CYPE e en formación.

DESARROLLA WORKS, S.L. Asinado o 24/11/2012. **Obxecto:** Patrocinio da Gala de Entrega dos XV Premios COAG de Arquitectura. **Vixencia:** Ata o remate da Gala. **Obrigas Colexio:** Organización e xestión da Gala e incorporación do logotipo da patrocinadora na documentación. **Obrigas da outra parte:** Asunción da totalidade dos gastos.



SECRETARÍA

As actividades desenvolvidas pola Secretaría colexial durante o exercicio obxecto desta memoria enmarcáronse dentro das funcións normais deste Departamento, materializándose na tramitación dos seguintes asuntos:

- Convocatoria, envío de documentación e redacción de 18 actas, correspondentes ás respectivas sesións de Xunta de Goberno.
- Convocatoria, envío de documentación e redacción de 2 actas, correspondentes a outras tantas reunións da Comisión Executiva da Xunta de Goberno.
- Convocatoria, envío de documentación, transcripción das actas correspondentes ás Xuntas Xerais ordinarias de maio e decembro e da extraordinaria do mes de novembro.

Mantense o rexistro de Sociedades Profesionais de Arquitectos no que figuran inscritas aquelas aprobadas pola Xunta de Goberno ou a Comisión Executiva. Execución de 631 acordos, recaídos nas sesións de Xunta de Goberno e Comisión Executiva. Tramitación de 313 expedientes colexiais, que se desglosan como segue:

- o 132 altas de colexiados residentes
- o 104 baixas de colexiados residentes

Elaboración de carnés de colexiados e da documentación que se achega aos novos colexiados. Rexistro, distribución e arquivo de 2.916 documentos (1.665 entradas e 1.251 saídas) Servizos administrativos á Asesoría xurídica e resto de comisións e agrupacións colexiais.

Convocatoria, xestión da documentación e seguimento da Agrupación de Arquitectos Peritos e Forenses do Colexio, xunto coa convocatoria para o ano 2012 das listas dos membros da Agrupación e das listas dos arquitectos dispostos a actuar como peritos perante os órganos xudiciais.

Selección de información, redacción e elaboración de 29 circulares correspondentes á Secretaría das oficinas centrais.

ALTAS E BAIXAS DURANTE O ANO 2012

COLEXIADOS

ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	45
Lugo	19
Ourense	4
Pontevedra	18
Vigo	23
Santiago	12
Ferrol	11
TOTAL	132

BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	48
Lugo	6
Ourense	6
Pontevedra	7
Vigo	22
Santiago	10
Ferrol	5
TOTAL	104

TOTAL COLEXIADOS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	1.083
Lugo	257
Ourense	247
Pontevedra	317
Vigo	529
Santiago	301
Ferrol	128
TOTAL	2.862

SOCIEDADES PROFESIONAIS

ALTAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	0
Lugo	0
Ourense	0
Pontevedra	0
Vigo	0
Santiago	0
Ferrol	0
TOTAL	0

BAIXAS

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	11
Lugo	3
Ourense	1
Pontevedra	1
Vigo	2
Santiago	4
Ferrol	1
TOTAL	23

TOTAL SOCIEDADES

DELEGACIÓN	Nº
A Coruña	100
Lugo	26
Ourense	19
Pontevedra	34
Vigo	44
Santiago	34
Ferrol	7
TOTAL	264

Arquitectos colexiados falecidos en 2012: 2



COMISIÓN DE CULTURA

A Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, está integrada polos sete representantes das Delegacións e o Presidente.

No decurso do exercicio que se contempla foi a seguinte:

- D. Fernando Martínez López Presidente.
- Dona Marta Trasancos Yáñez, representante da Delegación de A Coruña.
- D. Jose Javier Villacé Rodríguez, representante da Delegación de Vigo.
- D. Santiago Rodríguez Alcalá, representante da Delegación de Santiago.
- D. José Jaime Vázquez Iglesias, representante da Delegación de Ourense.
- Dona Celia Fajar Lomba, representante da Delegación de Lugo.
- Dona María Luisa Pierres López, representante da Delegación de Pontevedra.
- D. José Alejandro Romero Alonso, representante da Delegación de Ferrol.
- César Coll Núñez, Representante Biblioteca

O pleno da Comisión celebrou neste período 6 sesións ordinarias (20 de xaneiro, 17 de febreiro, 9 de marzo, 16 de marzo, 15 de xuño e 23 de novembro).

Tiveron lugar así mesmo outras reunións, tanto presenciais nas oficinas centrais como telemáticas, para a organización de actividades, desenvolvemento de Convenios, Xurados, Premios, Concursos e Publicacións. Para levar a cabo estas actividades realizáronse os seguintes traballos:

- Convocatorias e envíos de documentación correspondentes das respectivas reunións.
- Transcricións e redaccións de actas, escritos varios, fotocopias e arquivo de documentación cultural.
- Elaboración de memoria, presupostos e informes de gastos e ingresos culturais.
- Elaboración de varios informes tamén para as diferentes reunións da Comisión de Cultura.

CONVENIOS

1. Convenio de colaboración entre o Ateneo de Santiago e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia consistente na divulgación de actividades desenvolvidas polo Ateneo entre o conxunto da profesión e éste facilitará o acceso aos membros do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia a todas as actividades que realice en condición de socio. Ambas as dúas partes comprométense a impulsar a organización conxunta de actividades nos eidos cultural, científico ou educativo así como a edición de publicacións e información que propicien a divulgación do saber e o coñecemento.
2. Convenio de colaboración coa Fundación Compostela Arquitectura coa aportación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia dos medios necesarios para colaborar na traducción, grabación, edición e publicidade das xornadas organizadas pola Fundación Compostela Arquitectura con motivo do "Compostelas Summer Program 2012" para dirixilas ao público en xeral e aos arquitectos galegos en particular.
3. Contrato de impresión da Revista Obradoiro nº 34 entre Reclam Publicidad, Marketing y Artes Gráficas S.A. e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia.
4. Mantense o convenio de colaboración permanente entre o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e a FUNDACIÓN ALEJANDRO DE LA SOTA aportando unha cantidade anual que se destina con carácter prioritario a aquelas actividades incluídas ou a incluír no programa, e nas que o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia teña unha presenza mais xustificada. Tendo así acceso aos fondos dixitalizados da Fundación que están sendo utilizados na Biblioteca Colexial.
5. Convenio de colaboración coa Fundación Cidade da Cultura.
6. Mantense o convenio de colaboración entre a Fundación Mondariz Balneario e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia
7. Mantense o convenio de colaboración entre o Museo do Mar e o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

PROYECCIÓN CULTURAL

A Comisión de Cultura na súa actividade de proxección cultural desenvolveu varias actividades relacionadas cos seguintes temas:



- DOCOMOMO IBÉRICO. O Colexio segue participando nas reunións do Organismo Internacional. D. Fernando Agrasar Quiroga é o Delegado do Colexio para as relacións con este Organismo.
- PROXECTOS DE ACTIVIDADES CULTURAIS. A convocatoria do 2012 realizouse no mes de abril. Con data 15 de xuño de 2012 celebrouse a reunión para a selección das Propostas presentadas. A Xunta de Goberno do Colexio de Arquitectos delegou na Comisión de Cultura o proceso de selección das propostas presentadas. As propostas seleccionadas foron:
 - + Proposta: Publicación "Recorrido sensorial en jardín histórico de Castrelos - Vigo". Autoras: Besada Vergara, Belinda (Col. 2103) - Failde Ferreiro, Marister (Col. 2051)
 - + Proposta: Publicación "N-550, Da estrada á rúa" Autor: Turnes Vieito, Xulio (Col. 3468) - Viéitez Rodríguez, Ramón (Col. 3096)
 - + Proposta: Seminario "II Edición do Seminario Hábitat a Escala Humana". Autor: Fernández Souto, Miguel Angel (Col. 4108) - Nieto Peñamaría, María Cristina (Col.2237) - Jack Lago, Carolina (Col. 3958)
 - + Proposta: Divulgación do proxecto "veredes" Arquitectura y actividades tangentes Autor: Alonso Oro, Alberto (Col. 4260)
 - + Proposta: Xornadas "Seis olladas de perto" Autores: Carlos A. Pita (Col. 1696) - Patricia Sabín (Col. 2204) - Enrique M. Blanco (Col.2203)
 - + Fusión de dúas propostas: Proposta: Publicación e exposición "Arquitectos en la periferia" Autores: Alvarez Rodríguez, José Carlos (Col. 3596) - Lopez Ben, Daniel (Col. 3326) - Fernández García, Jaime (Col. 3641) Proposta: Programa de radio "Os novos" Autor: García Anta, Jorge (Col. 3282)
 - + Proposta: Publicación "Arquitectura de las universidades laborales. Volumen II Zona nortey cuenca del Ebro" Autor: Río Vázquez, Antonio Santiago (Col. 3471)
 - + Proposta: Publicación "Visiones no tan cotidianas" Autor: García, Concepción (Col. 3286)
 - + Proposta: Exposición "O espazo da muralla ou a búsqueda dun espazo de rolda" Autor: Tomé Ferreiro, Pablo (col. 958)
 - + Proposta: Publicación "Guía de peto de arquitectura" Autor: Lizancos Mora, Plácido (col. 1332)
 - + Proposta: Xornadas "Modernidade e contemporaneidade na arquitectura de Galicia". Autor: Caridad Graña, Juan A (Col. 2170)
 - + Proposta: Exposición, publicación e realización de un documental "Casas-refugio paradigmas de la arquitectura gallega" Autor: Jorreto Díaz, Manuel (Col. 2226)
 - + Proposta: Taller lúdico-educativo "A casa de Lucas. Talleres de arquitectura para nenos e pais" Autor: Parada Piñeiro, Patricia (Col. 2872)
 - + Proposta: Publicación "Severino González Fernández 1936 – 1985" Autor: González Gil, Clara (Col. 2138)
 - + Proposta: Xornadas "Estructuras para grandes luces. Movilidad, modulabilidad y plegabilidad" Autor: Pérez Valcarcel, Juan (Col. 428)

DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA 2012

O luns **1 de outubro** celebrouse o **Día Mundial da Arquitectura**, que nesta edición tivo como tema "**O arquitecto: axente transformador da cidade**", e que, a partir desta idea, intenta chamar a atención sobre obras pertencentes ao Movemento Moderno e incluídas no catálogo da Fundación DoCoMoMo Ibérico coa colocación de placas informativas en edificios singulares da arquitectura moderna.

O Colexio de Arquitectos de Galicia, a través das súas sete delegacións, coloca placas identificativas nos edificios máis emblemáticos da época nas súas zonas. E unha aposta renovada pola continua transformación da cidade, polo seu mantemento necesario e a súa mellora imprescindible.

Os edificios seleccionados foron:

A CORUÑA Lonja de Gran Sol. Puerto de A Coruña
FERROL Poblado das Veigas, As Pontes
LUGO Casa de Roca, de Eloy Maquieira en la Plaza Mayor de Lugo
PONTEVEDRA Poblado minero de Fontao. Vila de Cruces
SANTIAGO Polígono de Vite. Santiago
VIGO Recorrido urbano que rematará en la sede da delegación
A maiores, cada delegación complementa a semana con actividades diversas



XIV PREMIO COAG

O día 31 de xaneiro celebrouse a Gala de entrega dos XIV Premios COAG de Arquitectura, así coma unha homenaxe aos arquitectos que cumpriron máis de 50 anos de exercicio profesional

XV PREMIO COAG

Convócase a décimo quinta edición dos Premios COAG de Arquitectura, a conceder a obras de arquitectura visadas e executadas no ámbito territorial do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. As propostas presentarase exclusivamente en formato dixital entre o 3 e o 31 de outubro de 2012. Os traballos presentados foron, por categorías: Vivenda: 67, Equipamento: 36, Espazos abertos públicos: 14, Ordenación do territorio: 7, reforma interior; 28, divulgación e investigación: 24, obra novel: 6, fin de carreira: 11

SERVIZO DE PUBLICACIÓNS. EDICIÓNS DE LIBROS

- INTERCAMBIO DE PUBLICACIÓNS CON OUTRAS ENTIDADES. Mantéñense neste momento, intercambios de publicacións de libros con varios organismos e entidades: Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña, CGAC, COGAMI, Deputacións de Pontevedra, Lugo, e Ourense, Xunta de Galicia, Consello da Cultura Galega, varios COAS nacionais, Centro de Cultura Contemporánea e Deputación de Barcelona, Fundación Antonio Camuñas, Generalitat de Catalunya e con revistas de Arquitectura e Urbanismos nacionais e internacionais. Os fondos recibidos a través destes intercambios pasan a formar parte das publicacións da Biblioteca Colexial.
- SERVIZO DE ATENCIÓN AOS COLEXIADOS, DEPARTAMENTOS DO COLEXIO E DELEGACIÓNS. Ao longo do exercicio que se contempla atendéronse nesta Comisión tódalas consultas presentadas sobre temas culturais do Colexio polos colexiados, así como as consultas e información solicitada polos diferentes Departamentos e Delegacións do Colexio para a súa xestión.
- EDICIÓNS DE LIBROS No exercicio que se contempla editáronse as seguintes publicacións:
 - + Catálogo do XIV Premio COAG de Arquitectura en formato dixital. Autor: COLEGIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA
 - + Revista Obradoiro nº 34 ten como tema 'O límite'.
- VENDA, DOAZÓNS E DISTRIBUCIÓN DE LIBROS. Dentro da proxección cultural do Colexio, a Comisión de Cultura o longo deste exercicio que se contempla, entregou libros e revistas dos seus fondos como obsequios, doazóns e intercambios en diferentes actos, exposicións, cursos, Xuntas de Goberno, Presentacións, Premios etc.

Os traballos realizados no ámbito das publicacións foron: Venda directa de libros, elaboración de albarás, correo, e-mail, reclamacións escritas e telefónicas de devolucións e pedidos. Coordinación cos autores dos libros para elaboración de contratos, colaboración no inventario, xestión de I.S.B.N., colaboración coa Axencia de Prensa e autores para as presentacións dos libros, envíos de libros ás Delegacións de todo Galicia e fora de Galicia, control dos envíos e liquidacións cos distribuidores, control de entradas e saídas de libros.

Durante o ano 2012 ofertáronse lotes de publicacións para os colexiados entre os que cae destacar: O monografías, catálogos de Premios COAG, revista Obradoiro, patrimonio histórico.

EXPOSICIÓNS

Na sala de exposicións da Casa da Conga, a Comisión de cultura organizou as seguintes:

Spanish Dream 12 de xaneiro ao 12 de febreiro Autores: Luz Paz Agras, Marta Marcos, Ana Amado

Reunir los fragmentos 16 febreiro - 16 de marzo Autor: Roi Alonso

Sofás 15 xuño - 13 xullo Autor: Amador Iravedra

Metaxénesis 19 de xullo – 19 de setembro Unha mostra da Nova Arquitectura que se realiza en Galicia. A exposición recolle 20 traballos de 10 arquitectos/equipos seleccionados a partir dunha convocatoria aberta a que se presentaron máis de 200 obras.



FORMACIÓN

Este servizo atende ao obxectivo principal de actualización e especialización técnica dos arquitectos, e para o cal propónse cada ano un programa de actividades coincidindo co calendario lectivo. O programa de actividades do ano 2012 incorporou dúas novidades:

Cursos on-line, a través da plataforma “moodle”, e visitas técnicas de distintas empresas dedicadas ao tratamento, elaboración e distribución de produtos de madeira.

RELACIÓN DE ACTIVIDADES ORGANIZADAS

XANEIRO 2012

ACTIVIDADE	Ónde	Horas
Curso Rehabilitación Enerxética e Auditoría en Edificios de Vivenda	CO	20
Curso Dirección Facultativa de Obras	SA	16
Charla o Cumprimento Enerxético e o Aillamento Acústico dos Cerramentos	VI	2
Curso Arquitecto Analista Inmobiliario	CO	30
		68

FEBREIRO 2012

ACTIVIDADE	Ónde	Horas
Charla o Cumprimento Enerxético e o Aillamento Acústico dos Cerramentos	VI	2
Charla o Cumprimento Enerxético e o Aillamento Acústico dos Cerramentos	LU	2
Charla o Cumprimento Enerxético e o Aillamento Acústico dos Cerramentos	OU	2
Charla o Cumprimento Enerxético e o Aillamento Acústico dos Cerramentos	SA	2
Charla o Cumprimento Enerxético e o Aillamento Acústico dos Cerramentos	FE	2
Charla o Cumprimento Enerxético e o Aillamento Acústico dos Cerramentos	CO	2
Charla o Cumprimento Enerxético e o Aillamento Acústico dos Cerramentos	PO	2
Curso Domótica para Arquitectos	PO	12
Curso sobre Ordeación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia	SA	8
		34

MARZO 2012

ACTIVIDADE	Ónde	Horas
Curso Rehabilitación e Acondicionamento Acústico	LU	20
Charla Solucións técnicas para o cumprimento do CTE: Novos sistemas construtivos	VI	2
Curso Básico de Formación do Perito Arquitecto	SA	8
		30

ABRIL 2012

ACTIVIDADE	Ónde	Horas
4º CONGRESO DE PATOLOXÍA E REHABILITACIÓN	SA	24
Curso Certificación enerxética: Calener GT	SA	30



54

MAIO 2012

ACTIVIDADE	Ónde	Horas
Curso Certificación enerxética Calener VYP	VI	30
Curso Certificación enerxética Calener VYP	SA	30
Curso Técnicas construtivas para unha arquitectura sostible	On-line	56
Charla Técnicas de impermeabilización en estruturas de formigón armado	CO	2
Charla Solucións técnicas para o cumprimento do CTE: Novos sistemas construtivos	SA	2
Visita técnica FINSA Solucións en madeira	-	4
		124

XUNIO 2012

ACTIVIDADE	Ónde	Horas
Curso Réxime Xurídico do Solo Rústico e Solo de Núcleo Rural	SA	7
Charla Ventilación de Vivendas y Eficiencia Enerxética	VI	2
Charla Sistemas de Aillamento Térmico Exterior	CO	2
Práctica Profesional. Aprende a dirixir a túa actividade. Optimización da xestión da profesión	SA	8
Charla Da iluminación estática ao dinamismo e a eficiencia enerxética, novos modelos de iluminación	CO	2
Charla Da iluminación estática ao dinamismo e a eficiencia enerxética, novos modelos de iluminación	VI	2
Visita técnica a Grupo Losán: Moble, Decoración e Equipamento en madeira	-	4
Visita Técnica a CIS Madeira: o futuro da construción en madeira	OU	4
		31

SETEMBRO 2012

ACTIVIDADE	Ónde	Horas
Charla sobre BIM e eficiencia do traballo profesional	CO	3
Visita Laminados Villapol: madeira galega de eucaliptus globulus, a calidade descoñecida	-	4
Curso Certificación enerxética Calener GT	SA	30
Charla Técnicas de tratamento do terreo en cimentacións de edificación	CO	2
Charla Técnicas de tratamento do terreo en cimentacións de edificación	FE	2
		41

OUTUBRO 2012

ACTIVIDADE	Ónde	Horas
Charla Sistema BIM Allplan 2012 Arquitectura	SA	2
Charla Tellas cerámicas de baixa absorción e sistemas de colocación en seco	FE	2
Charla Tellas cerámicas de baixa absorción e sistemas de colocación en seco	SA	2
Visita Molduras del Noroeste: deseño e innovación en madeira	-	4



Charla Solucións técnicas para o cumprimento do CTE: Novos sistemas construtivos	CO	2
I edición xornadas técnicas Ivan Eric	PO	2
I edición xornadas técnicas Ivan Eric	VI	2
Charla Optimización de proxectos. Diseñar optimizando.	SA	2
Visita Técnica a CIS Madeira: o futuro da construción en madeira	OU	4
Curso Calificación enerxética dos edificios novos de vivendas e pequeno terciario	On-line	72
Charla Técnicas de tratamento do terreo en cimentacións de edificación	SA	2
Charla Estratexias para a protección de edificios fronte o lume	CO	2
		98

NOVEMBRO 2012

ACTIVIDADE	Ónde	Horas
Visita Portadeza: unha porta para cada estilo	-	4
ITE. MÓDULO I. A Inspección técnica de edificios	SA	10
ITE. MÓDULO II. Inspección das estruturas de formigón e os cerramentos	SA	10
ITE. MÓDULO III. Inspección das estruturas de madeira, fábrica e das instalacións	SA	10
I edición xornadas técnicas Ivan Eric	CO	2
I edición xornadas técnicas Ivan Eric	FE	2
I edición xornadas técnicas Ivan Eric	SA	2
Charla Técnicas de tratamento do terreo en cimentacións de edificación	VI	2
Charla Técnicas de tratamento do terreo en cimentacións de edificación	PO	2
Charla Tellas cerámicas de baixa absorción e sistemas de colocación en seco	OU	2
Charla Instalación de ascensores	CO	3
Visita Finsa: Solucións en madeira	-	4
		53

DECEMBRO 2012

ACTIVIDADE	Ónde	Horas
Charla Tellas cerámicas de baixa absorción e sistemas de colocación en seco	CO	2
Charla Tellas cerámicas de baixa absorción e sistemas de colocación en seco	VI	2
Charla Tellas cerámicas de baixa absorción e sistemas de colocación en seco	PO	2
Curso Cómo presupuestar. Técnicas de dirección económica de proxectos e obras	SA	8
Charla Técnicas de tratamento do terreo en cimentacións de edificación	OU	2
Charla Técnicas de tratamento do terreo en cimentacións de edificación	LU	2
Visita Maderas Cordeiro: solucións en madeira decorativa	-	4
		22

CONVENIOS

En materia de formación e polos motivos que se detallan acadáronse convenios coas seguintes entidades e organizacións:

- INEGA. Para a realización de accións formativas en materia de normativa enerxética edificatoria.



- ARQUITASA. Con motivo do curso básico de introdución á valoración inmobiliaria.
- CENTRO de FORMACIÓN Atinne. Para impartir cursos sobre ferramentas informáticas.
- CONFEMADERA. Para organización dun programa de visitas a empresas de toda a cadea da madeira e do moble de Galicia.
- EUROPEAN INSTITUTE REAL STATE of ANALYSIS (EIREA). Para a difusión do programa sobor do curso de especialista en Optimización de Proxectos Inmobiliarios, e organización dunha charla sobor da Optimización de Proxectos Arquitectónicos.
- IN-NOVA Programa de Innovación Internacional. Para promoción e impartición de formación on-line.
- NEMESTCHEK. Para formación dos arquitectos na tecnoloxía e metodoloxía de proxecto en base a procesos BIM.



CONCURSOS

O responsable deste servizo durante o ano 2012, foi D. Jorge Álvarez Rúa, vocal da Xunta de Goberno.

BREVE DESCRIPCIÓN

- Ofrecemento de información a través da Plataforma de Concursos do Consejo Superior de los Colegios de Arquitectos de España de procedementos de contratación de servizos de arquitectura así como de concursos e premios convocados por entidades públicas e privadas.
- Servizo telemático de resolución de consultas na materia.
- Impugnación de licitacións públicas convocadas en Galicia, previo acordo da Xunta de Goberno.
- Colaboración, previo acordo da Xunta de Goberno, coa Administración Pública e entidades privadas na convocatoria de concursos de Arquitectura.

PRINCIPAIS ACTUACIÓNS

PRESENTACIÓN DE ALEGACIÓNS E IMPUGNACIÓNS DE LICITACIÓNS

- Remisión de escrito ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar solicitando que se mude a forma de licitar a contratación dos servizos de redacción do proxectos arquitectónicos para a construción de Centros de Día e/ou Escolas Infantís así como as correspondentes direccións de obra habida conta da utilización sistemática do procedemento negociado sen publicidade.
- Impugnación da licitación convocada pola S.P.I (Sociedade Pública de Investimentos de Galicia) para a contratación da redacción do proxecto básico e de execución do novo Edificio Xudicial de Pontevedra principalmente pola esixencia dunha solvencia técnica desproporcionada.
- Presentación de alegacións ante a Sociedade Estatal de Correos y Telégrafos pola contratación conxunta do proxecto e execución das obras de adaptación do novo local da oficina comercial e unidade de reparto de Puxeiros-Mos (Pontevedra).
- Impugnación da licitación convocada polo Concello da Estrada para a contratación do proxecto de reforma da praza de abastos.
- Impugnación da licitación convocada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a contratación do proxecto básico e de execución do novo IES de Soutomaior (Pontevedra) pola contía inxustificadamente baixa do orzamento de licitación.
- Impugnación da licitación convocada pola Axencia Galega de Infraestruturas para contratar o servizo para o control e vixilancia, incluído o de coordinador de seguridade e saúde, das obras de infraestrutura viaria en Lugo por non respectar as atribucións profesionais dos Arquitectos. O prego establecía que a única titulación habilitante para o técnico que realizase os labores de control e vixilancia das obras era a de Enxeñeiro de Camiños, admitindo a titulación de Arquitecto unicamente para o técnico coordinador de seguridade e saúde.
- Impugnación da licitación convocada polo Concello de Ourense para a contratación da redacción do proxecto e a execución das obras de demolición parcial e reconstrución dun edificio sito na avenida das Caldas por considerar improcedente e contrario á normativa de contratos do sector público esixir clasificación ao licitador e acumulativamente a acreditación de solvencia adicional á titulación profesional habilitante para o técnico redactor proxecto.
- Impugnación da licitación convocada polo Concello de Marín para contratar o servizo da Oficina de Rehabilitación do concello pola confusa redacción da cláusula relativa á solvencia técnica mínima esixida pola posibilidade de resultar excesivamente restritiva vulnerando o principio de libre concorrencia.
- Impugnación da licitación convocada polo Concello de Riveira para a contratación conxunta do redacción do proxecto e execución das obras do paseo marítimo-terrestre do borde litoral de Riveira por entender que non concurrían as circunstancias excepcionais necesarias que permiten acudir a esta forma de contratación conxunta e solicitando a licitación independente da redacción do proxecto e posteriormente a execución da obra.
- Impugnación da licitación convocada polo SERGAS para contratar a subministración enerxética prestacional e mantemento e conservación de edificios e instalación de centros sanitarios, con inclusión de servizos de redacción de proxectos, dirección facultativa de obras e coordinación de seguridade e saúde. Os motivos da impugnación foron principalmente a improcedencia da contratación mixta ao entender que non existía vinculación directa nin relacións de complementariedade entre as diversas prestacións a contratar conxuntamente xunto co feito de non ter procedido previamente á revogación de contratos vixentes e subscritos polos SERGAS anteriormente para a redacción de proxectos e direccións de obras correspondentes a edificios incluídos neste contrato.



- Presentación de alegacións na licitación convocada polo Secretaría Xeral para o Turismo para a contratación da redacción do proxecto básico e de execución da obra de rehabilitación e adecuación da fortaleza de Monterrei por entender que tivera sido máis apropiada a convocatoria dun concurso de ideas así como solicitando, entre outras cuestións, a ampliación do prazo de presentación de propostas.
- Impugnación da licitación convocada polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para contratar o servizo de apoio no estudio e seguimento de obras por entender que non respectaban as atribucións profesionais dos arquitectos, así como por infracción procedimentais.
- Presentación de escrito de alegacións ante o concello de Santiago de Compostela solicitando a ampliación do prazo de presentación de propostas e aclaracións sobre o prego de cláusulas administrativas particulares no procedemento de licitación para a contratación da redacción de proxecto e dirección de obras de mellora do Barrio de Vista Alegre.

OUTRAS ACTUACIÓNS

Por encargo da Xunta de Goberno elaboración dun documento expresivo do posicionamento do Colexio respecto de como deberían ser as licitación de contratos públicos de servizos de Arquitectura que foi entregado en presentado en sendas reunións celebradas entre a Xunta de Goberno do Colexio co Sr. Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, D. Alfonso Rueda Valenzuela e ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia.

ACTUACIÓNS DE COLABORACIÓN

- Previa sinatura dun convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e o Concello de Sober, elaboración do prego de bases e documentación técnica para a convocatoria dun concurso de ideas para a remodelación da praza do concello. Este concurso encontrase pendente de convocatoria.
- Colaboración co grupo de teatro CHÉVERE na convocatoria dun concurso de ideas para o proxecto escénico da obra EUROZOONE. A colaboración do Colexio a través do servizo de concursos consistiu na redacción das bases, a participación no xurado así como “exercer” como secretaria do concurso.

IMPUGNACIÓNS DE CONVOCATORIAS DE EMPREGO PÚBLICO

- Impugnación da convocatoria efectuada polo Concello de Arzúa para provisión dunha praza de arquitecto en réxime de interinidade, por entender que as bases non se axustaban á legalidade en canto á valoración dos méritos e outros aspectos procedimentais, non respectando os principios de igualdade, mérito e capacidade.
- Impugnación da convocatoria efectuada pola Deputación da Coruña para proceder á contratación do coordinador da Área Técnica da Deputación ao esixir como única titulación habilitante a de Enxeñeiro de Camiños.
- Impugnación da convocatoria efectuada polo Concello de Baiona para a provisión dunha praza de arquitecto técnico para a Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico por entender que debía esixirse a titulación de Arquitecto.
- Impugnación da convocatoria efectuada polo Concello da Estrada para a provisión dunha praza de Arquitecto para o Departamento de Urbanismo do concello por diversas infraccións no procedemento tales como: defectos da publicidade, defectuosa composición do tribunal, desproporcionada valoración do coñecemento do idioma galego ...



INFORME DE XESTIÓN ECONÓMICA

CONTAS ANUAIS

A xestión económica colexial durante o ano 2012 pódese consultar nas contas anuais correspondentes a ese exercicio, que están dispoñibles no portal corporativo colexial, no seguinte enlace:

<http://www.coag.es/institucion/infoeconomica/default.aspx>

COTAS COLEXIAIS

A raíz das modificacións establecidas pola Lei 25/2009 (Lei Ómnibus) e tomando como base as directrices elaboradas desde o Consejo Superior de Colegios de Arquitectos de España (CSCAE), que afectan por igual a todos os colexios de arquitectos, neste exercicio estableceuse o contido dos servizos nucleares ou básicos aos que da dereito a todo colexiado o pago da cota fixa de colexiación, considerando os custos directos, os indirectos así como a repercusión dos custos estruturais.

Así, ademais da representación institucional profesional, a defensa dos intereses profesionais, a observancia do código deontolóxico e o réxime disciplinario, este servizos se poden estruturar en:

Servizos incluídos na cota de colexiación:

1. Secretaría, rexistro, circulares e noticias,
2. Normativa de edificación.
3. Biblioteca.
4. Manual de calidade do proxecto arquitectónico.
5. Ferramentas e servizos de apoio ao visado.
6. Asesoramento técnico referido ao servizo de visado.
7. Portal de emprego e bolsas de traballo.
8. Correo electrónico.

Servizo complementarios de subscrición anual voluntaria para os colexiados:

9. Oficinas de Concursos.
10. a) Formación, cursos, charlas técnicas, etc.
b) Congresos e eventos.
11. Asesoramento técnico urbanístico (consultas telemáticas).
12. Asesoramento xurídico en materia de edificación e urbanismo (consultas telemáticas).
13. Revista Obradoiro e descontos del 25% en publicacións.
14. Resumo de prensa.

COLEXIACIÓN E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Aos efectos de configuración da colexiación, enténdese que o período é anual abarcando desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro. Aos importes que se recollen en cada un dos epígrafes haberá que aplicarles os correspondentes impostos).

A. COLEXIACIÓN E PRECOLEXIACIÓN: prezos.

A.1. COLEXIACIÓN _____ 300 euros

Incluíu os servizos: 1 al 8

Sobre este importe aplicáronse o seguintes descontos:



- Os arquitectos que non utilizaron os servizos de supervisión técnica (visado, rexistro y custodia, envío á administración, etc.) puideron acollerse a un desconto de 100 euros no prezo correspondente á colexiación anual. No momento en que se utilizou calquera dos servizos de supervisión técnica, este desconto quedaría sen efecto.
- Os arquitectos que se incorporaron neste exercicio a Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia que non estiveran colexiados previamente en ningún outro colexio profesional de arquitectos no territorio español tiveron dereito a:
 - No primeiro ano, un desconto do 50% no prezo de colexiación. Este desconto foi acumulable con calquera outro desconto.
 - Ao de segundo ano de colexiación, aplicóuselles un desconto do 25% no prezo de colexiación. Este desconto tamén se puido acumular con calquera outro desconto.
- Os estudantes de arquitectura precolexiados no ano anterior á súa primeira colexiación tiveron dereito a un desconto do 75% no prezo de colexiación.

A.2. COLEXIACIÓN "SÉNIOR" (xubilados/as) _____ 70 euros
Incluíu os servizos: 1, 2, 3, 8, 10 b), 13

A.3. SOCIEDADES PROFESIONAIS _____ 120 euros
Incluíu os servizos: 1, 8

A.4. PRECOLEXIADO _____ 60 euros
Estudantes de arquitectura: 1, 2, 3, 7, y 10
Non puideron subscribir ningún outro servizo

B. SERVICIOS COMPLEMENTARIOS: prezos de subscrición anual.

<u>FORMACIÓN (dcto.25% cursos)</u>	<u>30 euros</u>
<u>CONCURSOS (CSCAE + asesoramento + concursos propios)</u>	<u>20 euros</u>
<u>ASESORAMENTO TÉCNICO URBANÍSTICO</u>	<u>20 euros</u>
<u>ASESORAMENTO XURÍDICO (consultas)</u>	<u>30 euros</u>
<u>PUBLICACIÓNS (Obradoiro + 25% desconto en outras)</u>	<u>10 euros</u>
<u>RESUMEN DE PRENSA</u>	<u>10 euros</u>

Os arquitectos que subscribiron anualmente a totalidade dos servizos complementarios, tiveron dereito a un desconto do 50% no prezo de estes últimos.

C. ASOCIACIÓN DE ARQUITECTOS PERITOS Y FORENSES: prezo.

- COTA ANUAL DE INSCRIPCIÓN 72 euros



RETRIBUCIÓN DE ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Retribución anual fixa.

En 2012, os órganos de goberno do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia percibiron unha retribución fixa anual que se corresponde co seguinte criterio:

- O Decano, Secretario e Tesoureiro da Xunta de Goberno tiveron unha retribución fixa anual que ascendeu a:

Cargo	Retribución
Decano	24.000,00 €
Secretario	17.000,00 €
Tesoureiro	17.000,00 €
Total	58.000,00 €

- Os 5 vogais de Xunta de Goberno tiveron unha retribución fixa anual que ascendeu a:

Cargo	Retribución
Vogal	2.400,00 €
Total 5 vogais	12.000,00 €

- As Xuntas Directivas tiveron unha retribución conxunta e fixa anual que se axusta ao seguinte criterio:

- Unha cantidade fixa anual de 18.000,00 €.
- Una cantidade fixa de 10€ anuais por colexiado adscrito a cada Delegación. Neste sentido, os datos de colexiación que se utilizaron foron os de colexiación a 31.12.2011 que son os seguintes:

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Santiago	Ferrol	Total
Colexiados	1.105	245	249	315	530	296	122	2.862

A contía resultante puido ser distribuída entre os seus membros en función dos criterios de dedicación e desenvolvemento de actividades que estimaron oportuno, é dicir, estes importes foron o límite máximo que se puido destinar a actividades cada Xunta Directiva, ben directamente ou ben a través de colaboradores. Toda cantidade que excedese de estes importes fixos asignados debeu ser previamente aprobada pola Xunta de Goberno.

Delegación	Retribución
Xunta Directiva A Coruña	29.050,00 €
Xunta Directiva Lugo	20.450,00 €
Xunta Directiva Ourense	20.490,00 €
Xunta Directiva Pontevedra	21.150,00 €
Xunta Directiva Vigo(*)	26.300,00 €
Xunta Directiva Santiago	20.960,00 €
Xunta Directiva Ferrol	19.220,00 €
Total Xuntas Directivas	154.620,00€

(*) Asignáronse 3000 euros como complemento pola xestión patrimonial

- Existiron ademais seis comisións de traballo que, en función da súa importancia estratéxica, tiveron unha retribución anual fixa que ascende ás seguintes contías:

Comisión	Retribución anual
Comisión de visado e área técnica	7.200,00 €
Comisión de Cultura	7.200,00 €
Comisión de planeamento	7.200,00 €
Total Comisións de traballo	28.800,00 €

Todas as retribucións que percibiron os órganos de goberno con motivo do sru cargo se entenden incluídas nos importes e se axustarán aos criterios anteriormente expostos, sen prexuízo da compensación dos gastos en que incorran co motivo do exercicio das súas funcións.



2. Compensación de gastos.

Na compensación de gastos cubríronse exclusivamente os gastos nos que se incorreu con motivo do desprazamento realizado, segundo o seguinte criterio:

- Para os que utilizaron vehículo propio, a razón de 0,22 €/km.
- Para os que utilizaron un medio de transporte público, o custe dos billetes.

Para efectuar o reembolso de los gastos, foi necesaria a súa previa xustificación.



RELACIÓN DE PERSOAL DA ORGANIZACIÓN COLEXIAL

A 31 de decembro de 2012 o capital humano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia componse dunha persoa na dirección xeral e **46 traballadores de persoal** dos que:


- 2 traballadores en situación de Xubilación parcial anticipada (xornada de 15 horas/semana)
- 1 traballador con una xornada laboral de 27,5 horas.
- 2 traballadoras con redución de xornada por garda legal (29 horas/semana e 20 horas/semana respectivamente).

Segundo o anterior, o persoal efectivo é de **44 persoas, que desenvolven toda a actividade e prestan os servizos que a organización ofrece.**

No ano 2012 continuouse coa reordenación interna da organización orientada á mellora en todos os servizos que se prestan aos colexiados. Así, en xaneiro de 2012 por primeira vez se estableceu unha colexiación que se complementa coa subscripción voluntaria a diferentes servizos: asesoría técnica, asesoría xurídica, formación, etc. Para poder responder á demanda destes servizos, así como poñer en marcha ou reforzar outros servizos, ordenouse o persoal de traballadores e creouse e reforzouse con persoal interno ou colaboracións externas: Área Técnica-Servizo de visado, Deontoloxía, Área de Asesoría Xurídica, Área de Comunicación, Área de Cultura, etc.

Unha vez realizada a ordenación para poder levar a cabo ditos proxectos, a 31 de decembro de 2012 o persoal distribúese segundo o seguinte gráfico:

Traballadores por área/servicio



Ademais, en 2012 se mantiveron as colaboracións con Escolas e Institucións educativas, segundo as cales se puideron celebrar diferentes convenios de colaboración para acoller a becas de formación e estudantes en prácticas. Ao longo de 2012 o Colexio de arquitectos acolleu a:

- 5 becas de formación para titulados das Universidades galegas en Arquitectura, Administración y dirección de empresas e Relaciones Laborais nas áreas de Cultura, Comunicación, Técnica-Servizo de Formación, Finanzas e Recursos Humanos a través das colaboracións con FEUGA e/ou FUAC.
- 3 becas de formación para titulados universitarios en Arquitectura e Administración e dirección de empresas nas áreas de Cultura e Finanzas segundo o programa de Becas CRUE-CEPYME do Banco Santander.
- 1 estudante de arquitectura en prácticas no área de Comunicación a través dun convenio de colaboración celebrado con CESUGA.
- 1 estudante en prácticas de Xeografía e Historia na área de Cultura – Servizo de biblioteca a través do Convenio de colaboración celebrado coa Universidade de Santiago de Compostela - Facultade de Xeografía e Historia.

A colaboración destas becas e a ordenación do capital humano da organización permitiu a optimización e mellora dos diferentes servizos da organización colexial e os diferentes proxectos que se abordaron.

En decembro de 2012 o persoal se distribúe segundo o seguinte gráfico:



Persoal por centro de traballo e área_31/12/2012

OFICINAS CENTRAIS		26
Eugenio González Solla José Luis Baltasar Hormigos Manuel Ángel Alende Cea Manuel García Pita Virginia Pliego Martínez	Área de Secretaría (5)	
Maria Esperanza Maldivo Pose	Área de Asesoría Xurídica (1)	
Ana Vila Martínez Cristina Fernández Cid Dolores Chouza Mariño Mercedes Pliego Martínez Patricia del Río Fernández Pedro Rodríguez Seoane Rocío Lamas Pérez-Cepeda Susana Rodríguez Carballido	Área Técnica (8)	
Clara Brea Bermejo	Área de Cultura (1)	
Alberto Rial Barreiro Jorge Couso García Jose Manuel Torres Ferreiro Manuel Ángel da Cruz Blanco Manuel Dapena Sieiro Maximiliano Matas Rodríguez	Área de Informática (6)	
Magdalena Guerra Souto María Teresa Cambón Cundíns Mikel Capeáns Pensado	Área de Finanzas (3)	
José Ramón Ferro Rey	Área de Organización e Métodos de Trabajo (1)	
Natividad Mosquera Barros	Área de Recursos Humanos (1)	

Xubilación parcial anticipada		2
Víctor Pérez López de Gamarra José Antonio Díaz	Xubilación parcial anticipada	

DELEGACIÓN DE A CORUÑA		4
Manuel Mayo Lestón Antonio Freire Romero Alejandro Ucha Dolz del Castellar	Área Técnica	
María del Camen Pérez Ponte	Limpeza	

DELEGACIÓN DE LUGO		2
Álvaro Sánchez Rábade Cristina López Eimil	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE OURENSE		2
Manuela Rodríguez Ojea Anxo de la Puente Fernández	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA		3
Eduardo Piñón García Julia Chamosa Martín	Área Técnica	
Alberto Escobar Molinero	Deontoloxía	

DELEGACIÓN DE VIGO		3
Elena Clavería Fontán Rodrigo Costas Duarte Esther Hernández Pérez	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE SANTIAGO		2
Enrique Urdiales de Santiago José Luis Soage Rodríguez	Área Técnica	

DELEGACIÓN DE FERROL		2
Eduardo Alonso Lois Pedro Díaz Sanjurjo	Área Técnica	

En canto á partida de persoal, en 2012 o importe de soldos e salarios ascendeu a 1.827.195 euros, con un custo de cotas da seguridade social asociado de 550.082 euros.

Esta ordenación do persoal supón unha optimización dos recursos da organización grazas á polivalencia dos traballadores e á sistematización dos procesos internos, conseguindo manter en funcionamento todos os servizos, prestándoos dun modo mais eficiente, a pesares da obrigada redución de recursos levada a cabo no ano 2012.

A través das accións de formación continua levadas a cabo no ano 2012, conseguiuase formar ao persoal da organización en diferentes competencias necesarias para un desempeño óptimo.



Así, en 2012 se celebraron entre outros, cursos de formación organizados e impartidos de forma interna polo propio persoal do Colexio segundo os novos criterios de formación establecidos:

- Diseñar a implementación do novo modelo de servizo a través da formación interna cos traballadores que lideraron os diferentes proxectos.
- Propoñer a formación e implementación das ferramentas e alcance na supervisión dos traballos como unha formación transversal e continua, con sesións formativas de duración corta pero constantes no tempo, consolidando coñecementos e creando o hábito da actualización e formación continua.
- A implicación de todos os traballadores para formar aos seus compañeiros, fomentando a participación e o clima de colaboración.
- Consideración de factores organizativos como a limitación dos recursos económicos destinados á formación dos traballadores, a dispersión xeográfica dos centros de traballo e o custo que supón o desprazamento ás oficinas centrais, que levan á conclusión da necesidade de establecer como alternativa a consolidar a formación on-line.
- Concentración de esforzos para poñer en marcha as accións formativas mais urxentes e que permitan xerar os coñecementos e capacitación 'base' para o novo modelo e criterios de traballo. A formación debera concentrarse na seu maior parte no servizo de supervisión técnica, coa inclusión de todos os arquitectos. A partir de aí e co modelo de traballo consolidado, continuarse coa formación en mais ámbitos (asesoramento técnico, etc.).

Así, no ano 2012 se abordaron as accións formativas no ámbito de:

- Normativa
- Guía de tramitación de visado: fichas de tramitación e de redacción
- O alcance de visado, converxencia e trazabilidade
- A firma electrónica: a e-firma, fábrica nacional de moeda e timbre



INFORMACIÓN ESTADÍSTICA SOBRE A ACTIVIDADE DE VISADO

Con fin de dar cumprimento do artigo 11.1 g) da Lei estatal 2/1974, e do artigo 10ter.1g) da Lei autonómica galega de Colexios profesionais Periodicamente e a semestre vencido, este Colexio profesional realiza un estudo relativo a la evolución da actividade de visado de proxectos rexistrado segundo o programa de xestión de proxectos COAG XESTIÓN, incorporando un estudo relativo o estado urbanístico das comarcas e concellos de Galicia.

Para o ano 2012 presentouse os medios de comunicación polo Decano D. Jorge Duarte Vázquez, no caso do primeiro semestre o 27 de xullo de 2012, e para o segundo, o 19 de marzo de 2013.

O interese dos datos recollidos está en que poden anticipar a actividade construtiva que se poda realizar nun futuro inmediato, posto que representan o número de vivendas que en uns meses se poderán executar “ex novo” ou rehabilitar pormenorizadamente nos diferentes concellos e comarcas galegas, logo de conseguir a necesaria licenza municipal de obras.

Cabe destacar que esta análise estatística vense facendo polo Colexio de Arquitectos de Galicia dende o ano 2000 ata á actualidade, é dicir xa mais de trece anos. Dicur que a este informe non lle afectou o RD estatal 1000/2010 de “visado obrigatorio”, posto que só se contabilizan as edificacións na fase de “execución” que poden ser construídas tras a consecución da licenza municipal de obra, al ser dita fase de visado obrigatorio.

A información integra de ditos informes pódese consultar nos seguintes enlaces:

- Para o primeiro semestre de 2012:
<http://www.coag.es/informacion/novedades/vernovedadh.aspx?idnoticia=1c592e8c-3128-4679-a738-fb5ebf5699cc>
- Para o segundo semestre de 2012 e acumulado do ano:
http://www.coag.es/informacion/novedades/arquivos/Estatistica_visado_segundo_semestre_2012_e_acumulado_anterior.pdf

Resumidamente podemos dar consta dos seguintes flashes do contido de ditos informes y polo tanto do máis salientable ao respecto do ano:

01 O número de vivendas visadas novas o rehabilitadas en Galicia polo Colexio de Arquitectos no segundo semestre de 2012, parece que tocou fondo.

O número de vivendas visadas en Galicia no segundo semestre do 2012, como indicador adiantado do que pode ser o comportamento a curto prazo das vivendas que poidan obter licenza e ser construída e posta no mercado, parece que tocou fondo. Segundo os rexistros do Colexio de Arquitectos, o segundo semestre do ano 2012 rexistrou o visado de 1.796 vivendas en Galicia (300 vdas/mes), sendo o primeiro de 1.650 vivendas (274 vdas/mes), facendo polo tanto un cómputo global de 3.446 vdas, incrementándose polo tanto nun 9% con respecto o semestre anterior. Así todo a crise económica, a desconfianza nos mercados e a falta de liquidez fan que este período de latexo se estea prolongando máis aló do desexable, pois os números seguen sendo moi baixos, xa que o ano 2012 completo rexistra valores porcentuais de só o 12,00% respecto da cifra media anual destes últimos doce, que foi de 27.201 vivendas/ano, e con unha cantidade moi inferior aos 46.881 visados tope de vivenda contabilizados para o ano 2006.

02 Si ben o número de vivendas aumentou, o custe económica e a superficie media baixou

Á vista dos datos podemos dicir que a actividade de visado colexial parece que tocou fondo, pois si ben parece que se incrementou levemente o número de actuacións en vivendas novas o rehabilitadas ata un 9% con respecto o primeiro semestre do ano 2012, a contía económica e a superficie afectada baixou ata un 7% en ambos casos con respecto o primeiro semestre desde año, actuando como lastre o medo a crise, o sobranse de vivendas en venda aínda pendente de vender, as vivendas de segunda man postas a venda polas entidades bancarias debidas a impagos hipotecarios, e a conseguinte contrición do crédito debido á crise económica, e todo elo non anima aos inversores a promover novas actuacións de vivenda colectiva, verdadeiro motor da economía desde sector, e as actuacións rexistradas parece que son algunha máis, pero máis pequenas e de menor custe económico, só salvándose os datos da provincia de A Coruña, esperando que as medidas de reforma estrutural gobernamentais fagan efecto positivo.

03 A provincia de Ourense rexistra o peores resultados a nivel provincial

Por provincias o número de vivendas visadas polo servizo de control e supervisión documental do Colexio de Arquitectos no ano de 2012, foi por este orden o seguinte: A provincia de A Coruña con 1.467 vivendas - 687 no



1º semestre, e 780 no 2º semestre - (o 42,57%), a de Pontevedra con 1.179 - 559 no 1º semestre, e 620 no segundo semestre - (o 34,21%), a de Lugo con 493 - 281 no 1º semestre, e 212 no 2º semestre - (o 14,30%), e a de Ourense con tan só 307 - 123 no 1º semestre, e 184 no 2º semestre - (8,90%). Os datos da provincia de Ourense coincide con o desplume dos datos correspondentes a súa capital, debidos ademais da crise económica, a la anulación do seu PXOM do ano 2003. Dita provincia tamén marcou o máximo porcentaxe de vivenda unifamiliar al situalo nun 76,09%

04 Os datos no conxunto das sete cidades galegas para todo ó 2012, aínda son discretos

O número de vivendas visadas polo Colexio de Arquitectos nas sete cidades galegas no 2012 aínda son discretos. Destacando en negativo só as 41 rexistradas en Ferrol, e as 47 vivendas visadas na cidade de Ourense, e as 80 de Pontevedra.

O resto das cidades contabiliza os seguintes rexistros por este orden de maior a menor: Lugo 140 vivendas, A Coruña 200, Santiago con 278, Vigo con 318. Dicitur que a cidade con mellor comportamento no segundo semestre do ano foi a cidade de Vigo.

05 Na contorna das cidades galegas, os datos rexistrados tamén son discretos

Dentro da baixa actividade rexistrada no Colexio de Arquitectos, os datos obtidos na contorna das cidades galegas, non superan o 40% do total da comarca donde se encrava, con respecto a cidade que circundan, excepto nos casos moi anormais das comarcas de Ferrol con un 80%, e no caso da comarca de Ourense con un 61%.

06 A vivenda visada de Protección Oficial porcentualmente, e case nula.

Segundo datos do Colexio de Arquitectos, no primeiro e segundo semestre do 2012 contabilizouse o visado de tan só 41 vivendas acollidas a algún réxime de protección pública,. Isto representa menos dun 1,19% do total das promocións, rexistrando o valor mínimo contabilizado nos últimos doce anos nos que este dato colexialmente empezou a recollese.

07 Consólidase a porcentaxe do visado de proxectos de rehabilitación.

A senda iniciada no primeiro semestre do ano 2012 referida á actividade de rehabilitación de vivendas, segundo os rexistros do Colexio de Arquitectos, que lograron situar este sector case en un 27,52%, confírmase no segundo semestre repetindo esa mesma porcentaxe, elo pode ser debido aos efectos da Lei estatal 2/2011 de 4 de marzo de Economía Sustentable, ao RD Lei 8/2011 de Medidas de apoio e impulso á rehabilitación, e polas políticas de rehabilitación do IGVS, que levan a cabo as 57 oficinas de rehabilitación municipais galegas declaradas e que afectan a 128 concellos, sendo a nosa Comunidade a primeira Comunidade Autónoma en número de áreas de rehabilitación de España. Sen embargo dito porcentaxe non é homoxéneo posto que na provincia de Lugo, é de un 42% sobre o seu total provincial, na de Ourense dun 39%, a de Pontevedra con un 31%, é tan so dun 17% na provincia de A Coruña. Dicitur tamén que o impulso a esas políticas de rehabilitación foron postas de manifesto nas conclusións do 4º Congreso de Patoloxía e de Rehabilitación de edificios (PATORREB), celebrado en Santiago en abril do ano pasado, organizado polo Colexio de Arquitectos de Galicia.

08 A totalidade do ano 2012 rexistra no Colexio de Arquitectos o segundo valor porcentual máis baixo da década respecto á vivenda colectiva, cun pouco mais dun 38%

Se nos achegamos ao visado da tipoloxía colectiva non podemos máis que verificar o descenso no número de promocións. A porcentaxe contabilizado para este tipo de vivenda e para o a totalidade do ano 2012, volve a baixar, consolídase nun 38%, cifra moi inferior ao 77% de media rexistrado entre os anos 2000 a 2007.

09 A vivenda unifamiliar achega unha porcentaxe de case o 62% do total de vivenda visada no Colexio de Arquitectos de Galicia.

O visado da vivenda unifamiliar segue tendo un marcado ritmo asimétrico respecto á do resto de variables analizadas. Lonxe de promocións por lote, a tipoloxía unifamiliar illada cumpre unha función de expectativa individual, na que a economía persoal xoga un papel moi importante. A media de vivendas unifamiliares visadas sitúase en case 180 por mes, moi lonxe das 550 de media por mes rexistradas en períodos normais de actividade edificatoria. O número total de vivendas unifamiliares visadas no primeiro e segundo semestre do ano 2012, foi de 2.158, o que marca a porcentaxe anual do 62% respecto das vivendas totais visadas, sendo esta porcentaxe a máxima rexistrada nas series dos últimos doce anos.

10 O 15% dos concellos de Galicia non visaron ningunha vivenda no Colexio de Arquitectos de Galicia na totalidade do ano 2012.

Do mesmo xeito que en anos anteriores foron 49 concellos nos que non se rexistrou o visado de un só proxecto de vivenda na totalidade do ano 2012, que representan o 15% do total de Galicia. Deste xeito repítese o nivel de inactividade acadado en anos pasados e que representa é o maior da década. O listado por provincias é o seguinte:

- Provincia de A Coruña (4): As Somozas, Boqueixón, Santiso, Toques.



- Provincia de Lugo (15): Alfoz, Ouro, Trabada, Portomarín, Riotorto, Pedrafita do Cebreiro, Cervantes, As Nogais, Lán cara, Triacastela, O Páramo, Samos, Xermade, Muras, Negreira de Muñiz.
- Provincia de Ourense (28): Baltar, Os Blancos, Porqueira, Sarreaus, Trasmirás, Vilar de Santos, Xunqueira de Espadanedo, Entrimo, Lobeira, Carballeda de Avia, Cenlle, Melón, A Bola, Gomesende, Quintela de Leirado, Ramirás, Chandrexa de Queixa, Rubiá, O Bolo, Carballeda, Larouco, Petín, Vilamartín de Valdeorras, Laza, Cualedro, Riós, Vilariño de Conso e A Mezquita.
- Provincia de Pontevedra (2): A Golada e Dozón

11 67 concellos co planeamento urbanístico adaptado a Lei do solo

A situación actual do planeamento en Galicia segue a ser dispar, malia o esforzo por acadar unha adaptación á Lei do solo da maior parte dos concellos. Así, dos 67 plans adaptados á 9/2002, 28 se atopan na provincia da Coruña (Lousame, Oroso, A Capela, Cerdido, As Somozas, Vilarmaior, Boimorto, Curtis, A Pobra do Caramiñal, Santiago de Compostela, Toques, Vedra, Zas, Paradelá, Arzúa, Laxe, Oleiros, Paderne, Sobrado dos Monxes, Dodro, Muros, Teo, Touro, Outes, Abegondo, Camariñas, Mesía, A Coruña), 9 en Lugo (O Incio, Castroverde, Rábade, Ribas de Sil, Sober, Pedrafita do Cebreiro, Lugo, Xove, Lán cara), 24 en Ourense (San Cibrán das Viñas, Xunqueira da Ambía, Amoeiro, Avión, Sandiás, Castrelo do Val, Laza, Melón, Paderne de Allariz, Taboadela, Vilardevós, Esgos, Rairiz de Vega, Vilar de Barrio, Arnoia, Cualedro, Beade, Boborás, Cenlle, Cortegada, Muiños, Irixoa, Leiro, Verín), e finalmente, 6 na provincia de Pontevedra (Vigo, Rodeiro, Moaña, Valga, Tui e Marín). 219 concellos galegos o están redactando. Outros 62 concellos, o 20% non teñen planeamento, ou o ten suspendido ou anulado. 60 deles xa comezaron a redactalo, e só dous deles, os concellos de Abadín e Ribeira de Piquín na provincia de Lugo, non ten planeamento y non o están redactando. Na actualidade dos 315 concellos galegos, un total de 253, un 80%, réxense por un planeamento xeral, sendo a media nacional do Estado Español do 78%.



QUEIXAS E RECLAMACIÓN DE CONSUMIDORES E USUARIOS

RESUMO ACTIVIDADES DO SERVIZO DE DEONTOLOXÍA.

Un dos fins esenciais do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia é ordenar o exercicio profesional no marco das Leis e velar pola observancia da deontoloxía no exercicio da profesión e o respecto debido aos dereitos dos cidadáns.

Concretamente este Colexio profesional está obrigado a velar pola Deontoloxía profesional, segundo restablecen e desenvolven as seguintes referencias legais:

- A Lei estatal 2/1974 estatal do 13 de febreiro sobre Colexios profesionais, modificada expresamente pola Lei 25/2009, do 22 de decembro, nos seus artigos 2, 11 e 12.
- A Lei 11/2010 autonómica do 18 de setembro, modificada pola Lei 1/2010, de 11 de febreiro, nos seus artigos 10, 10ter, 10 quater, 20 e 26.
- Os Estatutos do Colexio de Arquitectos aprobados segundo o Decreto autonómico 293/1999, no seu artigos 5, 6, 8, 16, 17, 60 e 69
- As Normas Deontolóxicas de Actuación Profesional dos Arquitectos na súa profesión, aprobadas pola Asemblea Xeral de Xuntas de Goberno dos Colexios de Arquitectos en sesión de 7 e 8 de maio de 1971, e revisado na do 22 de novembro do mesmo ano, con última modificación parcial, para a súa adaptación aos Estatutos Xerais, aprobada pola Asemblea Xeral do Consello Superior do 28 de novembro de 2003.
- A Guía de procedemento para a tramitación dos expedientes disciplinarios nos Colexios de Arquitectos, aprobada pola Asemblea Xeral de Xuntas de Goberno do 30 de novembro de 2001, con modificacións aprobadas pola Asemblea Xeral Ordinaria do Consello Superior de Arquitectos de España do 27 de novembro de 2009.

Para a consecución destes fins o Colexio exerce entre outras, funcións de ordenación e que eviten o intrusismo profesional, velando pola ética e a dignidade da profesión, tanto nas relacións recíprocas entre Arquitectos, coma nas destes cos seus clientes, ao tempo que exercerá a potestade disciplinaria sobre os Arquitectos que incumpran os seus deberes colexiais ou profesionais, tanto legais coma deontolóxicos.

Así mesmo e en virtude das últimas modificacións lexislativas que regulan a actividade dos Colexios Profesionais en aplicación da Directiva Comunitaria de liberalización do sector servizos, tamén é obriga dos Colexios Profesionais resolver as queixas e reclamacións referidas á actividade colexial ou profesional dos seus colexiados, tanto si se presentan por calquera consumidor ou usuario que contrate os servizos profesionais dun arquitecto, coma a través de asociacións e organizacións de consumidores e usuarios en representación ou defensa dos intereses destes, instruindo, cando proceda e por parte dos órganos colexiais competentes, os oportunos expedientes informativos ou disciplinarios.

Para apoiar e asistir o labor do Colexio de Arquitectos nestes fins e funcións, a Xunta de Goberno, na súa Sesión n.º 4/2012 do 26 de marzo de 2012, considerou oportuno o establecemento e posta en marcha do SERVIZO DE DEONTOLOXÍA COLEXIAL.

Posteriormente e segundo acordo da Xunta de Goberno nº 14/2012 de 5 de novembro, aprobouse o Regulamento que o ordena, así como tamén o nomeamento do vocal encargado do mesmo, segundo establece o artigo 3 do mesmo.

Tamén nese período creouse na páxina web corporativa colexial un apartado para este servizo, que contén a seguinte información: Presentación | Normas | Regulamento | Procedemento | Informes de actividade | impreso de reclamacións. A anterior información alóxase en: <http://www.coag.es/profesion/deontoloxia/default.aspx>

Dende a súa creación a finais de marzo no ano 2012, este Servizo realizou a seguinte actividades que se concretan sucintamente en:

POR EXPEDIENTES

Abríronse 17 expedientes. Deles:

De inicio (1º)	14
De resolución (2º)	10
Acordo XG (3º)	06
Pendientes	03



POR COLEXIADOS AFECTADOS

Foron afectados 20 colexiados. Deles:

Da delegación da Coruña	07
Da delegación de Lugo	01
Da delegación de Ourense	05
Da delegación de Pontevedra	04
Da delegación de Vigo	01
Da delegación de Santiago	01
Da delegación de Ferrol	00
Doutras demarcacións	01

POR TIPO DE SUPOSTA INFRACCIÓN DEONTOLÓXICA

Foron identificadas 22 supostas infraccións. Delas:

Nas formas de exercer a profesión polo arquitecto	03
Nas obrigacións xerais do arquitecto	06
Nas súas incompatibilidades	02
Nas relacións do arquitecto cos clientes	07
Nas relacións do arquitecto cos contratistas e industriais	00
Nas relacións do arquitecto con outros profesionais que actúen como conselleiros técnicos ou como colaboradores	00
Nas relacións entre arquitectos	04
Nas relacións do arquitecto co Colexio	00

POR LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA

Foron identificadas actuacións que se vinculan con 16 municipios galegos. Deles:

Da provincia da Coruña (Cesuras, Cedeira, Rianxo, A Coruña, Cedeira, Rianxo)	07
Da provincia de Lugo (Carballedo, Mondoñedo)	02
Da provincia de Ourense (Boborás, Ourense, Cartelle)	03
Da provincia de Pontevedra (Cambados, Caldas, Crecente, Tomiño)	04

(*) Un mesmo expediente pode afectar á vez a diferentes aspectos, polo que o sumario dos diferentes apartados poden non ser concordantes

RESOLUCIÓN

A maioría das reclamacións atendidas foron realizadas por particulares, en relación coa actuación de colexiados aos que contrataron para a prestación de servizos profesionais.

O Servizo de Deontoloxía procedeu en todos os supostos a pedir os antecedentes correspondentes aos colexiados obxecto da reclamación. Revisados e analizados todos os antecedentes do particular procedeuse á emisión dun informe sobre o particular cunha proposta de resolución que se elevou á consideración da Xunta de Goberno.

A totalidade deste tipo de reclamacións foron desestimadas por non apreciar infracción deontolóxicas por parte dos colexiados, polo que se tratan de cuestión que transcenden do ámbito competencial do Colexio, toda vez que o seu obxecto é materia de competencia da xurisdición de índole civil, ao corresponder a un conflito entre partes dun contrato en relación coa execución do mesmo.

Neste sentido, se lle recomenda a ambas partes a conveniencia de dirimir as súas diferenzas acudindo ao sistema extraxudicial de resolución de conflitos da Xunta de Galicia, someténdose ao arbitrio do Instituto Galego de Consumo.



INFORME ANUAL DO SERVIZO DE RECLAMACIÓNS DE COLEXIADOS

ANÁLISE DE DATOS

O Servizo de Atención ao Colexiado durante o ano 2012, recibiu un total de 13 reclamacións, 20 queixas e 2 suxestións.

Año	Tipo Xeral	número
2012	queixa	20
	reclamación	13
	suxestión	2
	Total	35

A distribución trimestral é a seguinte:

Año	Trimestre	Tipo Xeral	numero	
2012	ene-mar 2012	queixa	6	
		reclamación	3	
		suxestión	1	
		Total	10	
	oct-dic 2012	queixa	2	
		reclamación	2	
		suxestión	1	
		Total	5	
	jul-sep 2012	queixa	7	
		reclamación	3	
		Total	10	
	abr-jun 2012	queixa	5	
		reclamación	5	
		Total	10	
	Total			35
	Total			35


Por Áreas Funcionais, a distribución é a seguinte:

Año	Tipo Xeral	area_funcional	numero	
2012	queixa	> Secretaría	3	
		> Área Técnica	14	
		> Comunicación	2	
		> Asesoría Xurídica	1	
	reclamación	> Secretaría	3	
		> Área Técnica	10	
		> Comunicación	1	
		> Informática	1	
		> Finanzas	2	
	suxestión	> Secretaría	1	
		> Área Técnica	1	
	Total			35
	Total			35



Así, a Área Técnica é a que presenta un maior número de reclamacións ou queixas recibidas, seguida da Área de Secretaría.

Rexistro Año	area_funcional	número	%
2012	> Secretaría	7	20%
	> Área Técnica	25	71%
	> Comunicación	3	9%
	> Informática	1	3%
	> Finanzas	2	6%
	> Asesoría Xurídica	1	3%
Total		35	



Os motivos principais relativos ás reclamacións, queixas o suxestións foron:

Tipo	motivo	Secretaría	Área Técnica	Comunicación	Informática	Finanzas	Asesoría Xurídica	Total
queixa	> Criterios		2					2
	> Disponibilidade		1					1
	> Idioma		1	2				3
	> Prazos		1				1	2
	> Prezo > Cálculo realizado		3					3
	> Prezo > Prezo establecido	2	4					6
	> Prestación do Servizo	1	1	1				3
	> Soporte > Atención persoal > Presencial		1					1
	Total		3	14	2			1
reclamación	> Criterios		1					1
	> Disponibilidade		1	1	1			1
	> Prazos	1	3					4
	> Prezo > Cálculo realizado	1	3			1		4
	> Prezo > Prezo establecido	2	3			1		5
Total		3	10	1	1	2		13
suxestión	> Prazos	1						1
	> Prestación do Servizo		1					1



	Total	1	1				2
Total		7	25	3	1	2	1 35

O tempo de atención a reclamacións, fixado en 30 días –laborais- pola “Lei Ómnibus”, queda recollido na seguinte táboa:

area funcional	Núm.	tempo resolución
> Comunicación	1	3 d - 00 h
> Informática	1	3 d - 00 h
> Área Técnica	10	4 d - 22 h
> Secretaría	3	5 d - 08 h
> Finanzas	2	9 d - 12 h
	13	5 d - 00 h

Así, o tempo medio de resposta foi considerablemente máis curto que o requirido.

Análise

A continuación se realiza unha análise dos principais aspectos e incidencias presentes nas reclamacións, queixas e suxestións recibidas durante 2012, facendo referencia ás causas e a potenciais accións correctivas a levar a cabo.

Para isto se parte, tanto do agregado de motivos tipificados por Área Funcional, como do propio contido da reclamación, queixa ou suxestión e dos seus correspondentes resolucións.

Secretaría - Colexición anual e subscrición a servizos 2013

En 2012, a Xunta Xeral ordinaria, en correspondencia co determinado na “Lei Ómnibus”, aprobou que a colexiación anual se dividise en dous ámbitos diferentes desde o punto de vista da prestación de servizos: unha cota fixa vinculada a un conxunto de servizos básicos, e unha serie de servizos complementarios de adscrición voluntaria por parte do colexiado (colexiación “á carta”).

Este importante cambio no modo e procedemento de colexiación provocou algunha problemática derivada do peche de prazos de configuración (que foi ampliado), da comprensión das distintas posibilidades por parte do colexiado, ou das queixas polo establecemento destas novas modalidades de colexiación e os seus prezos.

É de prever que en 2013 os colexiados estean familiarizados cos novos mecanismos de colexiación, propóñense as seguintes accións correctivas:

- ✓ Adiantar a data de apertura do prazo de colexiación (decembro-principios xaneiro).
- ✓ Mellorar a información sobre as distintas posibilidades que esta ofrece. Comunicación de recordatorios sobre peche de prazos.

Supervisión Técnica - Cálculo do prezo do servizo

Durante 2012 o cálculo do prezo do servizo continuou presentando problemática para algúns colexiados, se ben dito mecanismo –introducido a raíz do RD 1000/2012- foise consolidando e utilizando con normalidade.

Neste sentido, recibíronse reclamacións en dous aspectos principais:

- Queixa polo elevado prezo do servizo. Ocorre especialmente con obras de pouca envergadura desde o punto de vista do colexiado que, non obstante, presentan unha máis relevante complexidade –obxectiva- desde o punto de vista da supervisión colexial.
- Queixa por aplicación incorrecta dos parámetros de cálculo. A interpretación dos usos e tipoloxías contidos no proxecto (comercial, vivenda colectiva,...), ou erros de rexistro, provocaron reclamacións ou queixas e, no seu caso, a corrección do cálculo realizado.

Neste sentido, sería conveniente realizar unha análise xeral do método de cálculo para, en función do que se determine en dita análise, realizar axustes en determinados casos; incidindo naquelas casuísticas postas de manifesto polo colexiado para determinar si a correspondencia coa complexidade establecida garda relación co “medido” na prestación do servizo.



Outros

Se comentan a continuación outros aspectos implicados nas reclamacións, suxestións ou queixas presentadas.

- Prazos. Dada a caída da actividade no sector, os tempos de prestación do servizo foron moito máis curtos que o ano 2011 (ver indicadores). Aínda con iso, recibíuse algunha queixa puntual ao respecto.
- Criterios. Avanzouse na unificación e homoxeneización de criterios (unha das liñas de traballo principais da organización). Aínda con iso, existen no sistema queixas sobre a diferente aplicación de criterios.
- Bilingüismo na información. O Colexio, como norma xeral, produce a súa información en galego e castelán. En ocasións, cando os prazos ou as dimensións non o permiten, a información publícase nun so idioma. Na actual conxuntura económica e de dispoñibilidade de recursos, e aínda que se realizaron esforzos ao respecto, non se puideron acometer tarefas de tradución, o cal motivou queixas.



PROCEDIMENTOS INFORMATIVOS OU SANCIONADORES

Conforme ao previsto no art. 11.1, c) da Lei 2/1974 de Colexios Profesionais, refírese a continuación a información sobre os expedientes informativos ou sancionadores con trámites no exercicio 2012, que son os seguintes:

1º Expediente disciplinario aberto contra un Colexiado polo suposto uso irregular dos selos de visado en dous expedientes. Expediente incoado mediante acordo da Xunta de Goberno na súa sesión 12/2011.

- Infracción: Considéranse que o Colexiado sancionado infrinxiu os seguintes preceptos: desobediencia ao acordo corporativo de suspensión previsto no art. 16.3.a) dos estatutos Colexiais e o “falseamento grave da documentación profesional” prevista no art. 69.3.i).
- A conduta referida suponse integrante dunha infracción de carácter grave (art. 69.3, a) e 3, i) dos estatutos Colexiais)
- En canto á sanción a impoñer, estimouse aplicable algunha das correccións ou sancións previstas nos números 3ª, 4ª ó 5ª do art. 70.1 dos estatutos Colexiais, acordando a Xunta de Goberno, previa proposta do instrutor, na súa sesión 06/2012, suspender ao Colexiado expedientado no ámbito profesional do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e accesoriamente nos seus dereitos electorais por un período de 6 meses.
- Por último, a Xunta de Goberno na súa sesión 8/2012, de 18 de xuño, acordou suspender provisionalmente a execución da referida sanción e trasladar ao Ministerio Fiscal a documentación relativa aos feitos que motivaron a apertura dun expediente disciplinario, para que a fiscalía determine se existen indicios de delito nas actuacións realizadas.

2º Expediente disciplinario aberto a un Colexiado en relación coa presunta elaboración dunha certificación falsa pola cal se lle atribuíu a condición de presidente dunha Delegación Colexial, que lle foi entregada á unha empresa coa finalidade de obter determinadas vantaxes comerciais. Expediente incoado mediante acordo da Xunta de Goberno na súa sesión 12/2011.

- Infracción: A conduta negligente que se refire nos feitos probados, supón un incumprimento dos deberes dos Colexiados respecto ao Colexio e aos demais arquitectos, concretamente do deber de “comunicarlle ao Colexio calquera acto de intrusismo ou actuación profesional irregular dos que tiveses coñecemento”, previsto no artigo 16.3, g). Enténdese que esta conduta forma parte das tipificadas como leves no apartado 4 do art. 69 dos Estatutos Colexiais, non concorrendo na mesma ningunha das circunstancias que como agravantes figuran no apartado 5 do artigo xa citado.
- A conduta referida cualifícase como infracción leve.
- En canto á sanción a impoñer, estimouse aplicable as correccións ou sancións 1ª ou 2ª do art. 70.1 dos estatutos Colexiais, decidindo a Xunta de Goberno a aplicación da máis leve, acordando a Xunta de Goberno, previa proposta do instrutor, na súa sesión 06/2012, amosar por escrito ao Colexiado.
- Antes de executar a referida resolución, a Xunta de Goberno na súa sesión 14/2012 celebrada o día 5 de novembro, a proposta do instrutor do expediente, acordou arquivar o referido expediente disciplinario, á vista do tempo transcorrido desde a data do acordo determinando a sanción, por considerar que a espera da execución da sanción supera con creces a sanción proposta.

3º Expediente disciplinario aberto a un Colexiado por presunta difusión de información relativa ás deliberacións da Xunta de Goberno en relación con cuestións confidenciais, acompañada de críticas á xestión da Xunta de Goberno, por entender que podería consistir nunha actuación pública con menosprezo da autoridade lexítima do Colexio, coa posible existencia dun agravante ao estar o Colexiado no exercicio dun cargo Colexial. Expediente incoado mediante acordo da Xunta de Goberno na súa sesión 18/2012, de 26 de decembro de 2012, designando o correspondente instrutor, con comunicación ao expedientado aos efectos de posible recusación.

O resto de trámites relacionados con este expediente continúan no exercicio 2013.



DELEGACIÓN DE A CORUÑA

XUNTAS DE DELEGACIÓN

Xuntas Ordinarias de Delegación: luns 28 de maio, 19:30 h e luns 29 de outubro, 19:30 h.

Xunta Extraordinaria de Delegación: luns 17 de decembro, 19:30h.

CONVENIOS

Convenio de colaboración co Concello de A Coruña e a Fundación Emalcsa para a edición trilingüe (castelán, galego, inglés) do libro “El Cementerio de San Amaro: Memoria de dos siglos” con motivo do seu bicentenario en 2012.

EXPOSICIÓN

- **“Human-esculturas”**. Autora: Carmen Senande. 25 Enero – 24 Febreiro
- **“Memorias de China”**. Autor: Alfonso Novo. 28 Febrero – 30 Marzo
- **“Metropolitanizar: ¿Cómo vivir entre ciudades?”**. Alumnos 4º curso de CESUGA-University College Dublin 2010-2011. 12 Abril – 11 Maio
- **“Arquitectura Constructivista en Moscú. 2012”**. Alumnos 4º curso ETSAC. Comisario: Eloy Domínguez (Profesor ETSAC). 5 Octubre – 15 Novembro
- **“El arpón y la ballena”**. Autores: Cristina Sánchez y Carlos Álvarez. 22 Nov.– 22 Decembro
- **“Concurso de Ideas Reordenación del borde litoral en la Ensenada del Orzán A Coruña”** (Palexco, en colaboración co Concello de A Coruña). 1 Febreiro – 12 Febreiro
- **“Metagénesis”** (Concello de A Coruña, en colaboración co Concello de A Coruña). 8 Outubro – 11 Novembro.
- **“Paneles informativos del PGO Municipal de A Coruña”**. 8 Outubro – 10 Novembro

CONFERENCIAS, CHARLAS, MESAS REDONDAS E TALLERES

XORNADA DE RECEPCIÓN A NOVOS COLEXIADOS: 5 Marzo, 12.00 h. Xornada de charlas informativas aos novos colexiados nas cales participaron a Xunta Directiva e o arquitecto de visado da Delegación de A Coruña xunto con representantes de Asemas, HNA, Arquitasa, Caja de Arquitectos, Asociación Jóvenes Empresarios de A Coruña e Bufete Lois (asesoría xurídica).

PINK SLIP PARTY: 23 Abril, 19.30 h. Evento de networking dirixido a persoas en desemprego, onde se trataron os seguintes temas: activación profesional, motivación, novo mercado de traballo, comunicación e networking, alternativas para o desenvolvemento profesional.

CONFERENCIA JAVIER QUIÑONEZ, 7 xuño, 20.00h. “Tecnología y responsabilidad social, experiencias en Guatemala” (en colaboración con “Arquitectos Sin Fronteras”)

SEMINARIO SOBRE A DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRO, 23 xullo, 20.00 h. Charla sobre a historia do ribeiro, clima, solos, variedades, etc. Posteriormente realizouse a cata de 5 viños elaborados con diferentes variedades

‘XENTES, ESPAZOS E LUGARES’ (Proxecto Terra en colaboración coa Fundación Barrié de la Maza). **Charla Mauthaus:** 21 setembro, 20:00 h. **Taller de arquitectura para nenos “El espíritu de la Colmena”:** 22 setembro, 11:00 h.



PRESENTACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA. 15 outubro, 19:00 horas a cargo de D. Martín Fernández Prado.

CICLO “ITER ITINERIS...” DE CONFERENCIAS E MESAS REDONDAS

O ciclo “Iter Itineris” comezou en 2011, continuando o seu desenvolvemento en 2012. Este ciclo ten un formato que se basea na participación conxunta de dous estudos de arquitectura, onde o primeiro presenta ao que expón a súa obra e tras a exposición realízase una mesa redonda conxunta entre ambos estudos, establecéndose unha dialéctica entre as formas de traballo de ambos equipos. Posteriormente realízase o mesmo formato á inversa. O ciclo desenvólvese co seguinte programa:

- **Fernando Blanco-José Ramón Garitaonandía** : 12 xaneiro,20:00h
- **José Ramón Garitaonandía - Fernando Blanco**: 19 xaneiro,20:00h
- **VIER arquitectos - Alfonso Fernández Bernárdez**: 16 febreiro,20:00h
- **Alfonso Fernández Bernárdez - VIER arquitectos** : 1 marzo,20:00h
- **Estudio NAOS – Irisarri + Piñera**: 22 marzo,20:00h
- **Irisarri + Piñera - Estudio NAOS** : 19 abril,20:00h

CICLO DE ARQUITECTURA PARA NENOS: SEN MOVERTE DEL SOFÁ (en colaboración coa Fundación Luis Seoane). Comezado en marzo de 2012 se segue desenvolvendo na actualidade dentro do ciclo de talleres “Nenoarquitectura”. O ciclo “Sen moverte do sofá” pretende dar a coñecer aos máis pequenos distintas cidades do territorio nacional e internacional, da man de compañeiros que, como eles, participan en talleres de arquitectura para nenos. A través de conexións virtuais os participantes convértense en turistas en busca de parecidos e diferenzas entre as urbes, estudando a súa historia, estrutura, modelos de crecemento e demais singularidades.

CICLO DE CINE “CINEMAUTOR”. Exposición de curtametraxes con realización dunha mesa redonda cos autores tras a proxección:

- “Contra a morte”. 2011.Dirección e Guión: Alexando Cancelo y Iago Martínez. Documental sobre a figura do poeta Lois Pereiro.
- “Pic – Nic”. 2011.Dirección e Guión: 2007. Eloy Enciso. Falso documental sobre antiheroes, xentes de xestos e maneiras que recordan a un tipo lonxano ou a un coñecido do barrio. Premio Play-Doc Tui 2008

“EL CEMENTERIO DE SAN AMARO”. 13 Decembro, 20.00 h. Conferencia “**El Cementerio de San Amaro, un libro para dos siglos**” a cargo de D. José Ramón Alonso Pereira (profesor ETSAC) + **Mesa redonda cos autores da publicación “El Cementerio de San Amaro: Memoria de dos siglos”**, editado polo Concello de A Coruña e a Fundación Emalcsa en colaboración coa Delegación de A Coruña.

SEMANA DA ARQUITECTURA

En torno á celebración do Día Mundial da Arquitectura celebráronse una serie de actividades a lo longo da semana del 1 al 5 de Outubro:

- **LUNS 1. DÍA MUNDIAL DE LA ARQUITECTURA.** 13.30 h. Visita aberta ó público ó edificio da Lonxa de Gran Sol, no porto da Coruña, guiada e comentada por D. Fernando Agrasar Quiroga.
- **MARTES 2. 20.00 h. Conferencia “La fachada oculta. Arquitectura de la segunda modernidad en Coruña”** a cargo de D. Antonio S. Río Vázquez, arquitecto e profesor da ETSA.
- **MÉRCORES 3. 20.00 h . “A Coruña, unha cidade en desenvolvemento”.** Charla “**Unidad vecinal nº3**” de D. Miguel Toba Blanco sobre o edificio de J. A. Corrales + **Sesión de documentais de Ramón Sáiz de la**



Hoya, sobre a cidade na época do “desarrollismo”: *“La Coruña, ciudad en la que nadie es forastero”* [1965], *“Así crece una ciudad”* [1967] e *“Accesos a la Coruña”* [1971] (en colaboración con el CGAI).

- **XOVES 4. 17.30.h. Taller de arquitectura para nenos “IMAXINA O TEU BARRIO”,** (En colaboración con “A Casiña de Lucas”).
- **VENRES 5. 20.00 h. Inauguración exposición “ARQUITECTURA CONSTRUCTIVISTA EN MOSCÚ 2012”**

CURSOS DE FORMACIÓN (PRESENCIAL)

- **Rehabilitación Enerxética e Auditoría en Edificios de Vivenda.** 11 - 13 xaneiro
- **Arquitecto Analista Inmobiliario.** 3 - 11 de febreiro

CHARLAS TÉCNICAS

- **Cortizo:** (CTE) O cumprimento Enerxético e o Illamento Acústico dos Cerramentos. 15 Feb. 19:00 h.
- **Fosroc:** Técnicas de impermeabilización en estruturas de formigón armado. 22 Maio 19:00 h.
- **Baumit:** Sistemas de Illamento Térmico Exterior. 13 Xuño 19:00h.
- **Luxmate:** Da iluminación estática ao dinamismo e a eficiencia enerxética, novos modelos de iluminación. 19 de Xuño. 19:00 h.
- **Menard: Técnicas de tratamento do terreo en cimentacións:** aplicacións en edificación. 26 Setembro 19:00 h.
- **Saint-Gobain Placo Iberica:** Soluciones técnicas para cumprimento do CTE: Novos sistemas construtivos Placo (Rigidur, Aquaroc). 17 Oct. 19:00 h.
- **Rockwool:** Estratexias para a protección de edificios fronte ao lume. 30 Outubro 19:00 h.
- **Viroc - Soleco - Valchromat :** I edición xornadas técnicas Ivan Eric. 13 Nov. 19:00 h.
- **Póliza colectiva de seguro de responsabilidade civil para os colexiados .** 27 Novembro. 19:30
- **Enor:** Instalación de ascensores. 28 Nov. 18:00 h.
- **Tejas Cobert:** Tellas cerámicas de baixa absorción e sistemas de colocación en seco. 11 Decembro. 19:00 h.



DELEGACIÓN DE LUGO

1.- XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva da Delegación dende as eleccións do día 11 de maio de 2011, está constituída por:

Presidente de delegación e integrante da comisión de refundación estatutaria:

D. RAÚL J. VEIGA LAMELAS

Tesoureira de delegación i representante na comisión de cultura do COAG:

D^a. CELIA FAJAR LOMBA

Secretario de delegación i representante en comisión de planeamento do COAG:

D. JOSÉ LUIS SANMIGUEL GUERREIRO

Durante o ano 2012:

- celebráronse 27 Reunións de Xunta Directiva.
- asistiuse a 18 Xuntas de Goberno en Santiago.
- asistiuse como presidente de delegación a 2 Xuntas Xerais en Santiago.
- asistiuse a 1 reunión extraordinarias de todo los cargos en Santiago.
- asistiuse a 2 reunións de tesoureiros en Santiago.
- asistiuse a 5 reunións da Comisión refundación estatutaria en Santiago.
- asistiuse a 5 reunións de representantes de Comisións de Planeamento en Santiago.
- asistiuse a 6 reunións de representantes de Comisións de Cultura en Santiago (unha delas telemática e á de xaneiro asistiu a antiga representante da Comisión; Marigel Castro Dapena).

2.- DELEGACIÓN

Convocáronse as seguintes Xuntas de Delegación:

- [Xunta Ordinaria de Delegación 01/2012](#), de 9 de febreiro, co seguinte Orde do día:
- [Xunta Ordinaria de Delegación 02/2012](#), de 26 de abril, co seguinte Orde do día:
- [Xunta Extraordinaria de delegación](#), de 13 de decembro, co seguinte Orde do día:

Realizáronse ademais a 7 reunións internas, de reorganización da delegación ou con colexiados:

- Reunión da Xunta Directiva do COAG Lugo cos coordinadores do Laboratorio iCOR para analizar a súa evolución e previsións, 18 de xaneiro e 01 de febreiro.
- Reunión das Comisións da Delegación de Lugo. Comisión de Cultura e Comisión de Planeamento e Medio Ambiente, 12 de abril, 14 de xuño e o 13 de setembro.
- Reunión de Presentación ós novos colexiados, 28 de xuño.
- Reunión da Xunta Directiva na Sede Colexial para tratar sobre o Laboratorio iPEPRI, 02 de xullo.

Polo que se refire ós contactos coas Administracións públicas e outras organizacións, empresas ou profesionais, realizáronse as seguintes coa intención de abrir ou continuar novas liñas de traballo:

- Reunión coa responsable de Disciplina do Concello de Lugo, 12 de xaneiro.
- Reunión con responsables de goberno municipal de Lugo, 19 de xaneiro, 15 de marzo, 19 de marzo, 02 de abril, 8 de agosto.
- Reunión con responsables de goberno provincial na busca de liñas de colaboración, 24 de xaneiro.
- Reunión con responsables de EVISLUSA para á organización de futuras actividades conxuntas, 23 de marzo, 30 de marzo e 24 de maio, 10 de setembro.
- Reunión coa Xerencia da Oficina URBAN, do Concello de Lugo, 18 de abril, 08 de xuño, 22 de xuño, 10 de setembro, 13 de setembro e 09 de outubro.
- Reunión con Responsables da Facultade de Socioloxía da UDC para liña de colaboración, 18 de abril, 03 de xullo, 27 de xullo, 13 de setembro.
- Reunión con responsables do CIFP Politécnico de Lugo, para liñas de colaboración, 26 de abril.
- Reunión Concellería de Cultura de Lugo, 30 de abril, 06 de setembro.
- Reunión USC e empresa ALDARA, para Formación GIS, 22 e 23 de maio.
- Reunión CIFP Politécnico Lugo, 22 de maio.
- Reunión con responsables de Departamento Protección Civil do Concello de Lugo, 25 de maio.
- Reunión cos concelleiros de Cultura, Turismo e Promoción dá Lingua, D. Antón Bao Abelleira e de Infraestruturas e Axenda 21, D^a. Paz Abaira Sobrado do concello de Lugo, coa intención de abrir novas liñas de colaboración con esta delegación do Colexio de Arquitectos.
- Reunión coa responsable do Arquivo municipal do Concello de Lugo, 22 de xuño, 20 de agosto.



- Reunión con responsables e participantes do Máster do Territorio e Sostenibilidade da USC, 25 de xuño.
- Reunión coa empresa IMASGAL para actividades de formación, 7 de setembro, 10 de setembro e 30 de outubro.
- Reunións con distintas entidades bancarias para opcións de financiación laboratorio iPEPRI (Arquia, NCG Banco, La caixa), agosto/setembro/outubro 2012.

Por último asistíuse en representación da delegación de Lugo os seguintes actos e actividades:

- ENCONTRO ANUAL DA UNIÓN DE AGRUPACIÓNS DE ARQUITECTOS URBANISTAS: O URBANISMO PRÓXIMO E NECESARIO, 30 de xaneiro no Consello da Cultura Galega (Santiago)
- GALA XIV PREMIO COAG DE ARQUITECTURA, 31 de xaneiro en Santiago.
- Asistencia ó Foro Lugo 2.0 organizada por ONDA CERO co tema "Las Diputaciones, Administraciones Públicas a debate en tiempo de crisis".
- FIRMA CONVENIO COLABORACIÓN CONCELLO DE SOBER-COAG, 10 de abril.
- Entrega Oficial e Presentación do Proxecto iCOR ó Concello de Lugo, 12 de abril.
- ADEGA. XUNTANZA EXTRAORDINARIA DO FORO DO CAMIÑO PRIMITIVO, 12 de xullo.
- Asistencia á Entrega das Medallas de Ouro de Galicia 2011, 25 de xullo.
- Presentación do Master en Enxeñería da Madeira Estrutural, da USC no Campus de Lugo, 06 de setembro.

3.- ACTIVIDADES DESENVOLTAS

- Dentro do marco do Laboratorio iCOR a Delegación de Lugo do COAG organizou una presentación do estado do estudio e posterior debate, contando coa presenza de diversos responsables municipais e personalidades de referencia, 10 de febreiro.
- Acto de presentación e entrega ao Concello de Lugo da proposta de cores iCOR, coa presenza do Alcalde de Lugo D. José López Orozco acompañado dos concelleiros Dña. Sonia Méndez e D. Luis Álvarez, xunto con outros responsables de distintas áreas municipais (Urban, Evislusa, Area de Urbanismo...).
- Exposición do fotógrafo José Pardo, co título FOTODECÓ (9 de xuño ata o 10 de xullo).
- Reunión informativa sobre as ITE do Concello de Lugo, e a nova Ordenanza municipal, contando coa presenza da responsable municipal, 5 de xullo.
- Día Mundial da Arquitectura 2012. Colocación dunha placa na Casa de Roca (Praza Maior 6-7, Lugo) de recoñecemento a nivel nacional do Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España por estar esta obra incluída no rexistro da Fundación do.co.mo.mo. ibérico.
- Dentro do marco de 'Encontros: 'Xentes, espazos e Lugares'. Conferencia Colectivo Zuloark 11 de outubro en Lugo.
- Visita organizada ó Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), para arquitectos colexiados, 22 de novembro.

4.- ACTIVIDADES FORMATIVAS DESENVOLTAS NA DELEGACIÓN

Algunhas das actividades formativas desenvoltas na delegación de Lugo:

Xaneiro/Febrero/Marzo.- LABORATORIO ICOR

Febreiro.- 07. [CHARLA TÉCNICA CTE: CORTIZO](#)

Marzo.- 09/10/16. [REHABILITACIÓN E ACONDICIONAMENTO ACÚSTICO](#)

Diciembre.- 14/15-21/22 [PROTOPO V 6.1](#)

18 [OPORTUNIDADES DE NEGOCIO EN INSTITUCIÓNS FINANCEIRAS INTERNACIONAIS](#)

5.- ICOR 2012

As actividades do iCOR desenvólvense ó amparo do Convenio asinado entre o Concello de Lugo e a Delegación de Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, dentro das actividades e obxectivos do PLAN URBAN. A actividade desenvólvese en 2 fases nos anos 2011/2012:

Seminario Internacional Cor e Cidade. (desenvólvese no ano 2011)

Laboratorio "Ensanche da Ramella". Actividade Xaneiro/Febrero e Marzo 2012

Laboratorio formativo práctico experimental. O seu fin foi a formación de 10 arquitectos, coa carreira rematada preferentemente en últimos 5 anos, na elaboración de plans de cor. Coordinados por 4 arquitectos con experiencia na intervención no patrimonio. Elaborouse un traballo final, un código cromático e a súa aplicación, para a posta en valor da arquitectura prerracionalista e racionalista no Ensanche da Ramella no Casco Histórico de Lugo.

A proposta de cor incluía pintura dos recibos, carpintarías e ferraxerías dos edificios do sector homoxéneo que se define no Anexo I. O Concello a partir deste estudio e coas variacións que considere oportunas, poderá aprobar unha ordenanza de cor para recibos e carpintarías deste sector engadindo, a xeito de proposta para os propietarios, unha definición das cores das ferraxerías.

6.- DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA 2012



Este ano, a delegación en Lugo do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, dedicou o 1 de outubro, o Día Mundial da Arquitectura, de modo xeral á arquitectura do Movemento Moderno, e de xeito concreto a poñer en valor a obra e o traballo do arquitecto Eloy Maquieira Fernández (1901-1944).

Actividades ó longo da primeira semana de outubro. O día 1 de outubro, as 13:00 horas, a colocación dunha placa na Casa de Roca (Praza Maior 6-7, Lugo) de recoñecemento a nivel nacional do Consello Superior de Colexios de Arquitectos de España por estar esta obra incluída no rexistro da Fundación do.co.mo.mo. ibérico.

Diariamente entradas na súa web con cada un dos edificios recollidos no Rexistro do Movemento Moderno no ámbito da Delegación.

Rolda de prensa na semana seguinte, para informar ós colexiados, os medios e a cidadanía de Lugo de dous acordos adoptados polo Concello en colaboración coa Delegación de Lugo do COAG, co fin de recuperar e recoñecer a figura de Eloy Maquieira Fernández, o seu traballo e o valor do mesmo para esta cidade.

7.- PÁXINA WEB DA DELEGACIÓN.

Aliméntase moito a páxina web; no ano 2012 incorporáronse cerca de 250 entradas.

8.- RELACIÓN COS MEDIOS.

A presenza é habitual nos medios escritos, e a televisión local nas convocatorias máis relevantes (presentación ou a entrega do estudio Laboratorio iCOR). Emprego da empresa Vía Láctea. Relación privilexiada co diario 'El Progreso' con quen seguimos desenvolvendo determinados proxectos comúns coma o concurso ACERTOS e DESASTRES.

Secretario COAG Lugo ata o 08 de abril 2013: José Luis Sanmiguel Guerreiro

Secretaria en funcións dende o 08 de abril 2013: Celia Fajar Lomba



DELEGACIÓN DE OURENSE

De conformidade co establecido nos estatutos do COAG elabórase a presente memoria anual sobre as actividades e xestión da Delegación en Ourense durante o exercicio 2012.

A Xunta Directiva estivo composta da seguinte maneira:

Presidente: José Jaime Vázquez Iglesias
Tesoureiro: Ramón José Valencia Hentschel
Secretario: Juan Carlos Tourís Lores

Por su parte, as comisións estiveron presididas ou coordinadas polos seguintes Colexiados.

Cultura: Juan Carlos Tourís Lores (en substitución de José Jaime Vázquez Iglesias)
Planeamento: Gonzalo Guerra González

Ademais, mantéñense José Daniel Rodicio e Rafael Castro Armesto, como representante titular e suplente respectivamente, na Comisión Técnica de Protección de Bens Culturais do Concello de Ourense.

A Delegación mantivo as súas oficinas no local da Praza Maior nº7 da cidade de Ourense, onde se desenvolveron as diversas actividades administrativas e de atención tanto a Colexiados como a Particulares.

Con independencia da presenza practicamente a diario de algún dos membros da Xunta Directiva nos locais da delegación para resolver as cuestións de trámite ou urxencias que puideran presentarse, a Xunta celebrou reunións con periodicidade semanal, con obxecto de resolver asuntos de trámite da Delegación:

- Colaboración coa Administración de Xustiza, cos Colexiados e cos Particulares para resolver as solicitudes de consulta de expedientes obrantes nos arquivos da Delegación.
- Remisión de información aos Colexiados a través das correspondentes circulares acerca dos diversos asuntos relacionados coa profesión.
- Velar polo cumprimento da normativa deontolóxica remitindo á Comisión Deontolóxica a documentación solicitada para o seu estudo e valoración.

Convocáronse e celebráronse as **Xuntas Ordinarias** de Delegación co obxecto de expoñer o balance económico anual do COAG e a memoria anual de actividades da Delegación relativas ao ano 2011.

Celebráronse tamén dúas **Xuntas Extraordinarias** con obxecto de informar aos Colexiados acerca da revisión dos estatutos Colexiais (no mes de febreiro) e acerca do proceso de reestruturación Colexial proposto pola Xunta de Goberno do COAG (no mes de decembro).

Pese a non haberse redactado o Convenio de Colaboración como en anos anteriores, seguiu mantendo unha liña de diálogo e de relación coas Administracións Locais (Concellos) nas que desenvolven a súa actividade Colexiados adscritos á Delegación, procurando ademais promover a incorporación de arquitectos en aquelas que non contan con un.

A Xunta Directiva mantivo varias reunións ao longo do ano co obxecto de tramitar o Convenio co Concello de Ourense acerca da regulación das ITE's. Remitiuse un borrador do mesmo aos servizos de Asesoría Xurídica acerca da procedencia ou non de asinalo conxuntamente co Colexio de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.

Leváronse a cabo reunións tanto co Bispo de Ourense (monseñor Leonardo Lemos) como co Presidente da Deputación (Manuel Baltar) co motivo da toma de posesión de ambos nos seus respectivos postos e co obxecto de ofrecer a colaboración do COAG a través da Delegación.

Comisión de Cultura

Levou a cabo ao longo do ano a colaboración co Ministerio de Fomento para realizar o levantamento planimétrico das Igrexas románicas da provincia de Ourense, que foi levado a cabo por parte de catro arquitectos xoves que desenvolveron dita actividade nas oficinas da delegación (Praza Maior nº7).



Comisión de Planeamento

O colexiado encargado desta comisión (Gonzalo Guerra) asistiu, como representante da delegación, a varias reunións en Santiago con obxecto de estudar as modificacións da Lei 9/2002 (L.O.U.Ga.)

Formación e Asesoramento tecnolóxico

Se ben este servizo está centralizado desde Sede, procedeuse a colaborar desde a Delegación na difusión e promoción de diversas xornadas e charlas técnicas cuxa celebración se levou a cabo na cidade de Ourense.

- Charla Técnica “Cumprimento Enerxético e Illamento Acústico nos pechamentos”, organizada pola empresa Cortizo en el mes de Febrero.
- 3^{er} Encontro Técnico de “Rehabilitación Urbana”, coordinado polo Concello de Ourense no mes de maio.
- Charla Técnica “Instalacións de Coxeneración e Enerxía Solar Fotovoltaica”, celebrada nomes de xuño.
- Xornada Técnica acerca da Enerxía Xeotérmica, organizada por ACLUXEGA no mes de setembro.
- Xornada Técnica acerca de “Integración da Prevención nos Proxectos Técnicos” organizada polo I.S.S.Ga e Charla/encontro con Jose Miguel Iribas “A sostibilidade do sistema galego de Asentamentos” organizada pola comisión de cultura do COAG, ambas no mes de outubro.
- Charla Técnica sobre “Técnicas de Tratamento do Terreo en Cimentacións” organizada pola empresa Menard no mes de decembro.

Finalmente, é preciso resaltar que, a raíz da difícil situación actual, o número de traballadores adscritos á Delegación reduciuse a dous (Manuela Rodríguez y Anxo de la Puente), polo que tiveron que desenvolver un esforzo considerable no traballo diario da Delegación e que, en todo caso, realizaron con gran esmero e profesionalidade.

Ourense, a 15 de Maio de 2013

Secretario da Delegación
Juan Carlos Tourís Lores



DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA

PRESENTACIÓN

A Xunta Directiva da delegación de Pontevedra desenvolveu durante o ano 2012 diversas accións que resumiremos destacando as mais importantes.

REUNIÓN XUNTA DIRECTIVA E XUNTA DE DELEGACIÓN.

Realizáronse neste ano cincuenta e nove reunións documentadas da Xunta Directiva.

Entre os diversos asuntos rutineiros propios da xestión da Delegación cabe destacar os seguintes:

- **Reunións**

A Xunta Directiva concertou as seguintes reunións co fin de defender os intereses dos Colexiados:
Cos alcaldes, xerentes de urbanismo ou concelleiros de urbanismo dos Concellos de Pontevedra, Marín e Vilagarcía.

Co delegado en Pontevedra da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e coa Secretaria Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia.

Co servizo de Turismo da Xunta en Pontevedra.

- **Deontoloxía e intrusismo**

Foron elevados ao servizo de deontoloxía diversos asuntos concernentes a actuacións de compañeiros.

- **Recepción novos Colexiados**

A Xunta Directiva recibiu a tres novos Colexiados ao longo do ano, dándolle un presente de benvida ao mesmo tempo que se mantivo unha charla con eles referente ao inicio da súa actividade laboral, ofrecéndolles a colaborar na actividade Colexial.

Xuntas de Delegación

Celebráronse dúas Xuntas ordinarias de Delegación, en maio e decembro e dúas extraordinarias, en setembro e outubro. Realizouse así mesmo unha reunión informativa en outubro.

Os temas tratados resúmense a continuación:

O 22 de maio celebrouse a primeira Xunta ordinaria de Delegación, expoñéndose aos Colexiados un informe económico e a memoria de xestión.

O 18 de decembro celebrouse unha Xunta ordinaria na que se informa aos asistentes do proceso de reestruturación Colexial.

O 5 de setembro celébrase unha Xunta extraordinaria para tratar cos Colexiados da Delegación a venda do solar sito na avenida de Uruguai.

O 8 de outubro celebrouse unha Xunta extraordinaria que é desconvocada ao non cumprir os requisitos estatutarios que rexen ditas Xuntas. Pasouse a informar aos Colexiados presentes do discurrir da venda do solar da Delegación.

Tamén se celebrou unha reunión informativa o 23 de outubro na que se informou aos Colexiados acerca do proceso de venda do solar da Delegación.

COMISIÓNS

O 9 de xaneiro publícase a circular número 1 da Delegación pola que se convocou aos Colexiados a participar nas diferentes comisións Colexiais, manifestando por correo a súa intención de participar nas mesmas. Dona Marta



Guirado Aramburu, D. Diego Germade Castelo, D. Evelio Sánchez Juncal, D. Marcos Cachafeiro, D. Luis Martínez, Dña. Carmen Santiso, D. Antonio Rodríguez, D. Antonio Espinosa e D. Germán Vilariño González.

As comisións estiveron coordinadas polos membros da Xunta Directiva e por varios dos Colexiados mencionados anteriormente.

COMISIÓN DE PLANEAMENTO

Solicitóuselles aos alcaldes e responsables urbanísticos dos Concellos de Pontevedra, Marín e Vilagarcía as seguintes demandas:

- Implantación das licencias dixitais.
- Implantación das I.T.E.s.
- Flexibilidade por parte do Concello de Pontevedra na negociación polo PXOM e licencias express.
- Recibir una copia do PXOM de Marín para a Delegación.
- Abrir un canal de consultas e dúbidas dos nosos técnicos e Colexiados cos servizos urbanísticos de eses municipios, para unificar criterios.
- Implantación do visado de idoneidade técnica e urbanística.

COMISIÓN DE CULTURA

As actividades realizadas pola comisión de cultura foron as seguintes:

- **Triálogos**

O 27 de xaneiro publícase a circular número dos da delegación convocando aos Colexiados a participar nas charlas Triálogos de arquitectura, sendo a temática das mesmas a vivenda.

As exposicións dos traballos celebráronse ao longo dos meses de marzo, abril e maio, participando os Colexiados D. Diego Germade Castelo, D. Pablo Rodríguez Vales, D. Mauro Lomba Martínez, D. Evelio Sánchez Juncal, Dña. Ana María Pardo Lorenzo, Dña. María José Fariña Busto, D. José Luis Recuna Cuiña, D. José María Fernández Dapena, D. Miguel Monteagudo Pazo, Dña. Miriam Arcas Ardura, D. Jaime Rodríguez Abilleira, D. Santiago Pintos Pena, D. Manuel Abelleira Argibay, D. José Jorge Santos Ogando, D. José Carlos Mera Rodríguez e D. Isidoro Callejo Rey.

- **Premios**

O 8 de xuño publícase a circular número cinco de la delegación convocando aos Colexiados a participar nos premios Gran de Area 2012.

Preséntanse sesenta e nove proxectos dos que resultan premiados once. A entrega de premios celebrouse o día 27 de outubro no Concello de Campolameiro.

- **Ciclo cine e arquitectura**

No mes de outubro, coa colaboración do cineclub Pontevedra e a Caja de Arquitectos se celebra o ciclo cine e arquitectura, coas seguintes proxeccións:

Eileen Gray, invitación al viaje
Kochuu, arquitectura japonesa

- **Día mundial da arquitectura**

O día 3 de outubro celebrouse no poboado mineiro de Fontao en Viladecruces o Día Mundial de la Arquitectura, que tivo como tema este ano *El arquitecto como transformador de la ciudad*.

Ao acto, aparte de numerosas personalidades do ámbito autonómico e un nutrido grupo de compañeiros, asiste a familia de D. Joaquín Basilio Bas, que descubriu unha placa colocada en honor do arquitecto.

Tamén se fai entrega ao Concello de Viladecruces dunha placa outorgada polo D.O.C.O.M.O.M.O. que confirma a intervención como obra destacada do movemento moderno.



O arquitecto D. Eugenio Jiménez Passolas realizou unha visita guiada polo poboado.

- **Web da delegación**

Continuouse co mantemento da páxina, utilizándoa como medio para informar aos colexiados de diferentes asuntos concernentes ao desenvolvemento do seu traballo.

REFORMA ESTATUTARIA

O 29 de febreiro publicouse a circular número tres da delegación pola que se convoca aos colexiados adscritos á mesma a participar na reunión que se celebrou o día 12 do mes seguinte para tratar a reforma estatutaria que acomete o Colexio.

CONVENIOS, COLABORACIÓNS E ACORDOS COMERCIAIS.

Realizáronse os seguintes acordos:

- Coa xerencia de urbanismo de Vilagarcía para a notificación das licencias urbanísticas.
- Convenio co Colexio Sek, con vantaxes para familiares dos compañeiros.
- Acordo co Arquivo Provincial polo que acollen o arquivo histórico da Delegación.
- Ao longo do ano 2012 os colexiados puideron disfrutar de condicións especiais nas reservas e promocións do hotel Carlos I Silgar.

Pontevedra, a 14 de maio de 2013



DELEGACIÓN DE VIGO

Exposición “Asómate a ti mesmo”. Xaneiro 2012

Presentación da exposición comisariada pola **Comisión de Cultura do COAG-Vigo** na que se presentaron 44 propostas de colexiados.

Ciclo de conferencias “Un Tras Outro”.

Ciclo de conferencias comisariado pola **Comisión de Cultura do COAG-Vigo**

19 Xaneiro 2012 BMJ arquitectos
16 Febreiro 2012 Javier Franco + Vicente Pintos
27 Marzo 2012 Ansedo-Quintáns arquitectos
24 Maio 2012 Manuel Cuquejo
5 Xullo 2012 Alfonso Penela
25 Outubro 2012 Manuel G. Vicente, fotógrafo
29 Novembro 2012 Luis Sirvent

Xornada de reflexión no COAG-Vigo sobre os estatutos colexiais. Febreiro 2012

A Xunta Directiva de Vigo, dentro do proceso no que nos atopamos de elaboración dos novos estatutos do Colexio, quere recoller as propostas dos colexiados da delegación para debatelas e levalas á Comisión dos Estatutos, de modo que sexan tidas en conta á hora da elaboración destes novos Estatutos.

Participaron nesa exposición os seguintes sectores:

- Representantes de distintas asociacións de arquitectos.
- O derradeiro colexiado incorporado a Delegación.
- Un colexiado pertencente a algunha antiga Xunta Directiva.
- Un colexiado traballador na Administración Pública.
- Un colexiado traballador por conta propia.
- Un colexiado traballador por conta allea.
- Dous arquitectos con exercicio profesional noutros países.

Exposición “SANTOS-DÍEZ, fotografía de arquitectura”. 23 de mazo – 27 de abril

Exposición organizada pola **Comisión de Cultura do COAG-Vigo** e cofinanciada por: Viroc, Suteqa Mobiliario e Reprogalicia

A inauguración contará cunha conferencia de **Héctor Santos-Diez** na que nos falará dos traballos expostos na mostra e da súa labor como fotógrafo de arquitectura e da relación que se establece entre ambas disciplinas.

Acto solidario “África Viva”. Maio 2012

A delegación do COAG-Vigo colabora co acto solidario “África Viva” organizado pola Red de Entidades para o Desenrolo Solidarios que se celebrará na Plaza e no salón de actos do COAG-Vigo

Xornada “Arquitectura en Positivo”. 7 Junio 2012

Xornada dedicada ao premio “Arquitectura en Positivo” promovido polo CSCAE e na que se buscaba ofrecer un panorama alentador da arquitectura e da actividade dos arquitectos.

Dentro dos 50 proxectos premiados, 4 estanse a construír dentro da nosa provincia e convidamos a exposición dos mesmos por parte dos seus arquitectos.

O programa da xornada é o seguinte:

20:00h Presentación do programa “Arquitectura en Positivo”.
20:10h Rodrigo Currás: "Vivienda en Combarro"/ "Vivenda unifamiliar en A Retirosa"
20:40h Estudio MMASA: "Casa Vertical en Pontearreas"
21:00h Estudio Fraga/Quijada/Portolés: "Comisaría de policía en Vigo"

Exposición “Especímenes” de Alberto Badía. Xuño 2012

A exposición está composta por 20 obras impresas en Dibong e contou cun catálogo con prólogos do pintor Daría Basso, o escritor Domingo Villar e o periodista Fernando Franco.



Conferencia de Fredy Massad e Santiago de Molina. Xuño 2012

Conferencia na delegación do COAG-Vigo, dentro do proceso de celebración do Laboratorio de Ideas, dos arquitectos Fredy Massad e Santiago de Molina

Celebración do Laboratorio de Ideas. Xuño 2012

Celébrase na Delegación de Vigo o Laboratorio de Ideas do COAG nesta primeira edición coa intervención de 36 poñentes en catro mesas de debate na que se avaliou o estado da profesión e a reflexión sobre os camiños posibles.

Acción “Eyes To The Wall”. Xuño 2012

A comisión de Cultura do COAG-Vigo coa colaboración do artista Alberto Santos ASH e coa coordinación de Juan Santorio, celebrará na Praza da Delegación do COAG-Vigo chamado “Eyes to the Wall” na que a xente interactuará coa arquitectura mediante a súa transformación.

Presentación do proxecto “N-550”. Xullo 2012

Presentación do proxecto e do libro “N-550”, que conta coa beca de financiamento do COAG, e a posterior proxección do documental “N-VI”

Día Mundial da Arquitectura 2012. Outubro 2012

A comisión de Cultura do COAG-Vigo coordinou a celebración do DMA 2012 que constou dos seguintes actos:

- Visita guiada a cargo de Xabier Pousa e Lara Leal dirixida a alumnos de primaria aos edificios máis destacado do centro da cidade.
- Segunda etapa da acción Eyes to the Wall coordinada por ASH e Juan Santorio dedicada aos alumnos de primaria.

Encontro COAG Vigo – Xerencia Urbanismo do Concello de Vigo. 15 Novembro 2012

A Xunta Directiva do COAG-Vigo e a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo decidiron pór en marcha un sitio de encontro entre os colexiados e a Xerencia, co desexo de establecer un diálogo produtivo entre ambas as partes.

Este primeiro encontro celebrábase o día na Sala de Actos da Delegación do COAG-Vigo, e contará coa presenza de María Sobrino del Río por parte da Xerencia de Urbanismo.

Acto POP-UP Navideño coa Asociación de Bulimia e Anorexia de Pontevedra. Decembro 2012

Acto benéfico celebrado na sala de actos da Delegación do COAG-Vigo coa presenza de deseñadores locais e na que a entrada se adicará a Asociación de Bulimia e Anorexia de Pontevedra.



DELEGACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ACTOS CULTURAIS E DIVULGATIVOS

16 de Febr. CHARLA-COLOQUIO. "A CASA DA XUVENTUDE: DE BELVÍS A O MATADEIRO"

Dentro do ciclo de conferencias de discusión e posta en común das visións sobre distintos aspectos da cidade "Estratexias de Cidade", a Delegación de Santiago decidiu organizar, a raíz das noticias sobre as intencións do goberno municipal de proceder ao derribo do edificio da Casa da Xuventude, unha charla-coloquio sobre esta obra do ano 1981 do arquitecto Severino González Fernández. Para a exposición contouse coa presenza da arquitecta Clara González Gil, filla do autor da obra; o arquitecto Ignacio Cerrada Gonzalo, xefe do Servizo de Planeamento e Inventario da Xunta, que formara parte do equipo que definiu a necesidade e ubicación do equipamento; e os arquitectos Manuel Carbajo, Celso Barrios e Juan Pinto, que presentaron o seu estudo sobre as posibilidades de conexión entre o parque e a praza unha vez desaparecido o inmoble. No acto, aberto ao público en xeral, puido contarse coa opinión de varios sectores implicados (asociacións de veciños, traballadores da Casa da Xuventude), aínda que, lamentablemente, non coa de representantes do concello.

Maio-Xuño. TALLER SEN MOVERTE DO SOFÁ

A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia e o Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAG) coorganizaron o obradoiro de arquitectura infantil "Sen moverte do sofá" do 27 de maio ao 23 de xuño. Este taller trataba de dar a coñecer de xeito lúdico conceptos de arquitectura e urbanismo aos máis pequenos a través do Sistema de Construción Lupo, de Fermín Blanco.

2 de Xuño. COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE VECIÑOS "A XUNTANZA"

A Delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos de Galicia colaborou na iniciativa solidaria da Asociación de Veciños "A Xuntanza", con motivo do Día do Barrio de San Pedro, para a recollida de material escolar de debuxo.

27 de Agosto- 7 de Setembro. TALLER INTERNACIONAL DE VERÁN

Os arquitectos Aurora Armental e Stefano Ciurlo, da plataforma de arquitectura City Laboratory, organizaron o taller internacional de verán "Caminho da Cidade. Estudos na cidade histórica de Guimarães" entre o 27 de agosto e o 7 de setembro, en colaboración co Colexio de Arquitectos de Galicia, a Cámara Municipal de Guimarães, a División MAPa2012, e a Aula de Rehabilitación e Renovación Urbana. Este taller ofreceu a oportunidade de vivir e contribuír a un proxecto real na cidade histórica e o paisaxe cultural de Guimarães, Cidade Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, e Capital da Cultura en 2012.

13 de Setembro. CICLO XENTES, ESPAZOS E LUGARES: CARLOS JIMÉNEZ

O Ciclo de Conferencias "Xentes, Espazos e Lugares", vencellado ao "Proxecto Terra", desenvolveuse durante varios meses nas sete delegacións. A primeira das dúas poñencias que tiveron lugar na de Santiago tivo como protagonista a Carlos Jiménez, recoñecido arquitecto costarricense afincado en Houston, onde é catedrático da Escola de Arquitectura da Rice University. O arquitecto titulou a súa exposición "A propósito de gentes, espacios y lugares" e fixo, a través da súa obra, un interesante percorrido polas súas reflexións sobre a paisaxe, a cidade, e o home como habitante de ambos termos.

Agosto-Set. EXPOSICIÓN E CONFERENCIA "METAXÉNESIX: NOVA ARQUITECTURA DE GALICIA"

A exposición, comisariada por Carlos Mosquera e Alberte Pérez, serviu para amosar durante un mes, en vinte traballos de dez estudos de arquitectura seleccionados entre máis de 200 obras, unha mostra do traballo que os arquitectos máis novos realizan en Galicia. Como clausura da exposición, o 19 de Setembro celebrouse unha charla-coloquio na que os estudos composteláns incluídos na mostra (AnsedeQuintáns, Arrokkabe Arquitectos e Estudio Nómada) puideron explicar brevemente a evolución do seu traballo para, a continuación, levar a cabo unha mesa redonda moderada polo arquitecto Xerardo Estévez.

21 setembro. CELEBRACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA CONSTRUCCIÓN SOSTIBLE

A Delegación de Santiago participou nos actos cos que o Cluster da Madeira de Galicia (CMA), con motivo da celebración do Día Mundial da Construción Sostible, homenaxeou a Vaquería, obra do arquitecto Víctor López Cotelo en íntima colaboración co promotor local Xosé Otero Pombo.

1 de outubro. DÍA MUNDIAL DA ARQUITECTURA.

Esta edición celebrouse co lema "O arquitecto como axente transformador da cidade", e tiña como obxectivo chamar a atención sobre as obras pertencentes ao Movemento Moderno incluídas no Rexistro da Fundación Docomomo Ibérico. Seguindo esta pauta, a Delegación de Santiago decidiu render homenaxe ao arquitecto Julio



Cano Lasso a través do Polígono de Vite e as vivendas de San Caetano, incluídas no citado catálogo. Organizouse así un encontro no salón de actos do Centro Sociocultural do barrio de Vite “José Saramago”, onde participaron a presidenta da Delegación, Ana Domínguez Laíño; a concelleira de Urbanismo de Santiago, María Pardo; o presidente da Asociación de Veciños do Polígono de Vite, Alfredo Santomil; e un dos fillos do arquitecto homenaxeado, Diego Cano (tamén arquitecto); ademais da súa dona, María del Pilar Pintos Vázquez-Quirós. Posteriormente realizouse unha visita guiada ao barrio. Como complemento dos actos celebrados nese día, durante toda a semana estivo exposta na sala de exposicións do Colexio a maqueta orixinal do proxecto do barrio de Vite, cedida para tal fin polo Concello, e acompañada pola proxección das visións do fotógrafo Fuco Reyes da arquitectura contemporánea da cidade.

2 de out. ENTREGA DE PREMIOS CONCURSO DE CURTAMETRAJES “TRIPOMANT NA CIDADE”

Este concurso está organizado polo estudio k2c Arquitectas, formado polas colexiadas Carmen García González e Carmen Rey López, co patrocinio da empresa de illamentos “Tripomant” e a colaboración da delegación de Santiago do Colexio de Arquitectos. Unha vez máis, nesta segunda edición quixeron facer coincidir a celebración da entrega de premios coa semana de celebración do Día Mundial da Arquitectura. No acto, que tivo lugar no “Centro Sociocultural e Xuvenil municipal O Ensanche”, entregóuselle o 1º premio e o premio do público á curta “Tripomant: última línea de defensa” de Hugo López Morell; e o 2º premio a “El sueño del Arquitecto”, de Beatriz Sande Cadenas.

25 de outubro. CICLO XENTES, ESPAZOS E LUGARES: JUAN HERREROS

Como peche deste ciclo celebrouse a conferencia impartida polo arquitecto Juan Herreros e titulada “Proxectos que fan cidade”. Na súa ponencia, a través de obras como o Museo Munch de Oslo, o Centro de Convencións de Bogotá, ou o proxecto para a Estación Intermodal de Santiago, de cuxo concurso, convocado por Adif, fora gañador, reflexionou sobre a capacidade do entorno de xerar o obxecto, e do obxecto de re-crear o entorno.

REUNIÓN CON ADMINISTRACIÓN.

A partir do 26 de marzo. CÁMARA DE COMERCIO DE SANTIAGO: Inicio dunha serie de reunións para a formación do foro Cívico.

9 de xullo. CONSORCIO DE SANTIAGO: Presentación ante a Nova Xerente do Consorcio.

19 de outubro. CONCELLO DE SANTIAGO: Sobre o convenio para licencias dixitais e preparación do curso de ITEs de Santiago que terá lugar en novembro.

27 de novembro. CONCELLO DE RIBEIRA: Reunión co Alcalde para tratar temas diversos: ITES, Licencias Dixitais,...

28 de novembro. CONSORCIO DE SANTIAGO: Reunión con distintos estamentos da sociedade compostelana para tratar da Fundación Catedral de Santiago.

12 de decembro. CONCELLO DE RIBEIRA: Reunión con todo o equipo de Urbanismo sobre o convenio de Licencias Telemáticas.

CURSOS E CHARLAS TÉCNICAS.

Durante o ano 2012 a Delegación acolleu nas súas instalacións un total de catro charlas técnicas, detalladas no apartado de Formación desta Memoria de Xestión.

Ademais, estivo vencellada á convocatoria de ata sete cursos de formación, enumerados no mesmo apartado, aínda que a meirande parte das veces tiveron lugar, por razón organizativas, noutras ubicacións. A implicación foi máxima no caso do “Curso sobre a Inspección Técnica de Edificios”, ligada á aprobación da Ordenanza de ITEs por parte do Concello de Santiago.

REUNIÓN DE COMISIÓN

A comisión de Cultura reuniuse mensualmente para a coordinación das actividades descritas, e para a planificación de futuras actuacións.

XUNTAS DE DELEGACIÓN

2 de febreiro. XUNTA ORDINARIA DE DELEGACIÓN 01/2012: na que se informou das labores que estaba levando a cabo a Comisión de Estatutos

10 de maio. XUNTA ORDINARIA DE DELEGACIÓN 02/2012: Comentáronse as novas Ordenanzas Municipais, a xestión de ITEs e licenzas municipais nos concellos da área e a evolución da Comisión de Estatutos; informouse da liquidación de gastos do ano 2012 e da Memoria de Xestión do ano 2011.



12 de novembro. XUNTA ORDINARIA DE DELEGACIÓN 03/2012: Serviu para informar aos colexiados da situación económica e estrutural do Colexio, ademáis da evolución dos traballos da Comisión de Reforma Estatutaria.

13 de decembro. XUNTA ORDINARIA DE DELEGACIÓN 04/2012: Explicouse con detalle o proceso de redución do custo da masa salarial iniciado co proceso de Expediente de Regulación de Emprego aberto o 3 de Decembro anterior.



DELEGACIÓN DE FERROL

CALENDARIO ACTIVIDADES

18 de xaneiro:

Celebración de Xunta Ordinaria de Delegación.

24 de Xaneiro

Acto de defensa da Fábrica de Lápis con Alfredo Vigo Trasancos, Jose Manuel Lopes Cordeiro, José María Cardesin

8 de Febreiro

Xuntanza discusión estatutos COAG.

10 de Febreiro

Acto sobre a recuperación da Panificadora de Vigo

Participaron Iria Sobrino Fagilde, arquitecta, e Debora Baamonde e Marga Mariño, da plataforma "Outro Vigo é Posible".

18 de Abril:

Celebración de Xunta Ordinaria de Delegación

1 de Outubro

Celebración do Día Mundial da Arquitectura. O lema foi "O arquitecto, axente transformador da cidade"

Charla Xosé Lois Martínez Suárez, baixo o título "O Poboado das Veigas na historia urbana de Galicia", na Casa Dopeso de As Pontes o día 1 de Outubro ás 19:00 horas.

Inauguración da exposición "O Poboado das Veigas na historia urbana das Pontes", Mercado Vello de As Pontes, 1 de outubro-4 de novembro

6, 13, 20 e 27 de Outubro

Ciclo de cinema "Unha casa nas aforas" 6, 13, 20 e 27 de outubro. das 20.00 horas auditorio municipal Cine Alovi, de As Pontes.

11e 25 de Outubro, 8 e 15 de Novembro

Ciclo de cinema "Cine e Arquitectura", organizado en colaboración coa AVV de Esteiro, no Cine Duplex de Ferrol.

19 de Outubro-11 de Novembro

Exposición "2000-2012. 10 Anos de Proxecto Terra", no Centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol.

29 de Outubro

Xunta Extraordinaria de Delegación

5 de Decembro

Sesión informativa sobre a Póliza de Responsabilidade Civil de Marsh

19 de Decembro

Xunta Ordinaria de Delegación

COMISIÓN DE PLANEAMENTO E MEDIO AMBIENTE

O responsable da Comisión de Planeamento e Medio Ambiente neste período foi Manuel Amable Romero Pérez, colexiado nº 2484.

Reunión da Comisión de Urbanismo e Medio Ambiente do COAG

Estas reunións celebradas na Sede Central del Colexio de Arquitectos en Santiago serviron para poñer en común as diversas propostas das delegacións e tiveron una periodicidade trimestral.

Nelas coordináronse as actividades das distintas Comisións de Planeamento e Urbanismo das Delegacións do COAG e analizáronse as actividades que cada unha esta realizando.

Entre os traballos levados a cabo este ano destaca a selección dos membros do grupo de traballo para a nova redacción da lei do solo de Galicia. Cabe destacar que neste grupo atopase a proposta da delegación de Ferrol Xosé Francisco Freire Corzo, colexiado desta delegación e arquitecto da Deputación da Coruña, integrándose neste grupo como técnico da administración local.

Reunións da Comisión de Urbanismo e Medio Ambiente da Delegación de Ferrol

As reunións da comisión de planeamento serviron para poñer en común as diversas propostas e obxectivos da Delegación de Ferrol. O fin das mesmas e mellorar a calidade do noso planeamento e en definitiva da nosa ordenación urbanística e territorial. Tamén, se pretende mellorar a participación cidadán no debate urbano e poñer en valor e difundir o noso patrimonio arquitectónico e paisaxístico.



As dúas primeiras fixéronse coincidir coas xuntas de delegación.

Xaneiro de 2012

Na reunión da Comisión de Planeamento da Delegación do COAG de Ferrol, tratáronse os seguintes temas:

- Comentase a presentación do COAG dun recurso contra a demolición do inmoble da Fabrica de lápices sito dentro do contorno de protección do BIC de Ferrol Vello.
- Proponse dar continuidade a os traballos de Catalogación da arquitectura racionalista en Ferrol e Comarca, e tentar acadar outras vías de financiamento dos mesmos.

Abril de 2012

-Proponse a creación dun grupo de traballo en Ferrol para realizar os estudos para a modificación da lei do solo de Galicia.

-Proposta da delegación de Ferrol de Xosé Francisco Freire Corzo como candidato ao grupo de traballo da LOUGA, e análise do resto das candidaturas

- Incídese na necesaria implicación do Colexio na protección dos nosos barrios históricos, e falase da incompreensible paralización da Candidatura de Ferrol a Patrimonio da Humanidade. Candidatura que dende a sede ferrolá do COAG impulsamos no seu momento, pero sen poder acadar un axeitado convenio de colaboración co Concello co que continuar esta labor.

Maio de 2012

- Análise e votación da delegación de Ferrol sobre os candidatos ao grupo de traballo da LOUGA.

Setembro de 2012

- Convocatoria do grupo de traballo sobre a nova LOUGA, e coordinadores do mesmo.

- Coméntanse as Xornadas "Mirando Ferrol" organizadas por SOS Monuments, incídese sobre a necesidade da posta en valor dos barrios históricos de Ferrol.

- Proponse o traballo nas bases dun "Concurso fotográfico de acertos e desacertos (boas e inaxeitadas situacións)" nos barrios históricos.

- Comentase a posibilidade de realizar dun convenio co concello de Ferrol (similar ao da delegación de Lugo) sobor da cor, sinalización comercial, cabreado, e outros elementos que deterioran a imaxe dos barrios da Madalena e Ferrol Vello. O mesmo tema podería plantexarse como un concurso de ideas coa participación das asociacións veciñais e de comerciantes.

Presentación de alegacións

Entendendo que o COAG debe estar presente na discusión do deseño da cidade, a Comisión de Planeamento e Medio Ambiente presentou alegacións á tramitación de diferentes figuras de Planeamento dos concellos das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Organización de exposicións, xornadas e debates.

03/01/12 Xornada sobre a mobilidade no barrio da Magdalena e o aparcadoiro da praza de Armas.

10/02/12 Acto sobre a recuperación da Panificadora de Vigo

Participaron Iria Sobrino Fagilde, arquitecta, e Debora Baamonde e Marga Mariño, da plataforma "Outro Vigo é Posible".

Falase sobre o catalogo comarcal de arquitectura racionalista e sobre a protección da arquitectura industrial.

19/10/12 Inauguración da exposición do "Proxecto Terra" no centro cultural Torrente Ballester de Ferrol, coa presenza do presidente da delegación, do Decano do COAG e do coordinador Xose Manuel Rosales.

Intervencións en Actos Públicos e Xornadas

01/01/12 Debate sobre a cidade e os espazos públicos. Poñencia "Evolución da praza como espazo público de relación" do Coordinador de planeamento desta delegación.

01/01/12 Poñencia "Redes e a necesidade da protección e posta en valor dos nucleos tradicionais en Galicia" do Coordinador de planeamento desta delegación, Sede da Agrupación Instrutiva de Camouco en Redes no Concello de Ares.

Entrevistas e aparicións en medios de comunicación

03/04/12 "Ferrol Vello y su estado actual" debate na televisión de Ferrol canal 31 sobre a situación deste Barrio.

Comisión de cultura

Durante o ano 2012 convocáronse as xuntas de comisión da delegación xunto coas de planeamento, nas que tratáronse as actividades a realizar durante o ano. Así mesmo asistíuse as xuntas correspondentes na sede de Santiago de Compostela para informar das actividades a desenrolar na delegación e a comentar as liñas a seguir neste novo período que se nos plantexa, e as directrices a seguir.



Na delegación de Ferrol desenvóléronse as seguintes actividades:

24 de Xaneiro. Acto de defensa da Fábrica de Lápiz.

Participantes: Alfredo Vigo Trasancos, Jose Manuel Lopes Cordeiro, José María Cardesin. Os diversos poñentes dan o seu punto de vista sobre o valor do edificio da Fábrica de Lápiz e o valor do patrimonio da edificación industrial. Remata o acto cun debate entre os poñentes e os asistentes o coloquio.

10 de Febreiro. Acto sobre a recuperación da Panificadora de Vigo. Participantes: Iria Sobrino Fagilde, arquitecta, e Debora Baamonde e Marga Mariño, da plataforma "Outro Vigo é Posible".

Na liña da primeira das charlas coloquio repetiuse esta outra co fin de contrastar posibles solucións para edificacións en desuso e cun valor patrimonial engarzados co entorno construído e social.

1 de Outubro. Celebración do Día Mundial da Arquitectura

Lema "O arquitecto, axente transformador da cidade"

Charla Xosé Lois Martínez Suárez, baixo o título "O Poboado das Veigas na historia urbana de Galicia", na Casa Dopeso de As Pontes o día 1 de Outubro ás 19:00 horas.

Inauguración da exposición "O Poboado das Veigas na historia urbana das Pontes", Mercado Vello de As Pontes, 1 de outubro-4 de novembro

01/10/12-04/11/12 Exposición: **O POBOADO DAS VEIGAS NA HISTORIA URBANA DAS PONTES.**

Con motivo do día mundial da Arquitectura e como xa se fixera no ano 2011, realizouse o ciclo de Cine e Arquitectura en Ferrol e ampliándose este ano a cidade de As Pontes.

6, 13, 20 e 27 de Outubro. Ciclo de cinema "Unha casa nas aforas" 6, 13, 20 e 27 de outubro. das 20.00 horas auditorio municipal Cine Alovi, de As Pontes.

11 e 25 de Outubro, 8 e 15 de Novembro. Ciclo de cinema "Cine e Arquitectura", organizado en colaboración coa AVV. de Esteiro, no Cine Duplex de Ferrol

19/10/12-11/11/12 Exposición: **DEZ ANOS DE PROXECTO TERRA.**

Exposición "2000-2012. 10 Anos de Proxecto Terra", no Centro Cultural Torrente Ballester de Ferrol.